

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**7831** *Lei 3/2018, do 11 de xuño, pola que se modifica a Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea, para regular a orde europea de investigación.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

I

A Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea, representou a unificación normativa no dereito español, nun texto único, de todas as decisións marco e directivas aprobadas nesta materia, incluídas tanto as que xa foran traspostas no noso dereito como as que estaban pendentes. A técnica lexislativa empregada permitiu evitar a dispersión normativa e facilitar o seu coñecemento e manexo polos distintos profesionais do dereito. Articulouse a través dun esquema no cal tería fácil cabida a incorporación das futuras directivas que se poidan ir adoptando nesta materia. Trátase de normas moi específicas, suxeitas á propia dinámica lexislativa da Unión Europea, o que xustificou que non se integrasen na Lei de axuizamento criminal, senón que constituísen unha lei distinta, iso si, complementaria e coordinada.

O principio de recoñecemento mutuo supón a articulación da cooperación xudicial penal entre os Estados membros sobre a base de relacións directas entre as autoridades xudiciais, que non require a intervención necesaria nin obrigatoria das autoridades centrais. O sistema baséase tamén na confianza mutua, o que leva a un recoñecemento e execución das resolucións ditadas polas autoridades competentes de emisión doutros Estados practicamente de maneira automática, con causas taxadas de suspensión e denegación do recoñecemento.

Á hora de incorporar estas normas da Unión Europea ao noso dereito, a lei distinguiu os elementos comúns a todas elas (ou a case todas, porque a técnica normativa comunitaria foi moi dispar) e conformou unha serie de normas xerais que se completa coas súas normas específicas e uns anexos que inclúen os certificados que se remiten ás autoridades xudiciais da Unión Europea cando se transmiten estes instrumentos.

Por último, a dita lei ía acompañada da Lei orgánica 6/2014, do 29 de outubro, pola que se modificou a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xuño, do poder xudicial, que, co ánimo de evitar que a tarefa de transposición de cada nova norma europea neste ámbito comportase outra reforma daquela para a atribución da competencia que corresponda, efectuou un recoñecemento xenérico a favor dos órganos xudiciais con competencia en materia penal daquelas facultades que lles sexan encomendadas polas normas específicas en materia de recoñecemento mutuo.

En definitiva, estas normas configuráronse como un instrumento integrador que, ademais de dar cumprimento ás obrigacións normativas europeas, responden ao compromiso de mellora da cooperación xudicial penal na Unión Europea e da loita contra a criminalidade transfronteiriza europea, garantindo a seguridade e os dereitos dos cidadáns como fin irrenunciable do Estado.

## II

Este mesmo afán harmonizador apréciase no ámbito europeo onde, desde a adopción das decisións marco 2003/577/JAI e 2008/978/JAI relativas ao aseguramento de probas e ao exhorto europeo de obtención de probas, se fixo patente que o marco existente para a obtención de probas na Unión Europea era demasiado fragmentario e complicado. Xurdiu entón o obxectivo de unificar nun só instrumento, facéndoas máis ambiciosas, as normas que actualmente regulan a obtención de probas noutro Estado membro en procedementos xudiciais penais. As ditas normas recóllense hoxe de maneira dispersa en varios convenios internacionais, decisións e decisións marco.

As grandes liñas desta nova formulación substanciáronse no Programa de Estocolmo, adoptado polo Consello Europeo dos días 10 e 11 de decembro de 2009, onde se decidiu que se debía proseguir coa creación dun sistema xeral para obter probas nos casos de dimensión transfronteiriza, baseado no principio de recoñecemento mutuo. As conclusións aconsellaban unha nova formulación baseada no principio sinalado, pero que tivese tamén en conta a flexibilidade do sistema tradicional de asistencia xudicial e que substituíse todos os instrumentos existentes neste ámbito.

Todo isto deu lugar á aprobación da Directiva 2014/41/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, relativa á orde europea de investigación en materia penal, que se basea nun único instrumento para a obtención de proba penal transfronteiriza na Unión Europea. A directiva, proposta baixo presidencia española, froito dun proceso lento e complexo de negociación, regula a orde europea de investigación, que se expedirá para efectos de obter unha ou varias medidas de investigación específicas que se levarán a cabo no Estado de execución desta, con vistas á obtención de probas ou a solicitar as que xa están en posesión da autoridade de execución.

A orde europea de investigación crea un réxime único para a obtención de probas, aínda que establece normas adicionais para determinados tipos de medidas como o traslado temporal de detidos, as comparecencias por teléfono, videoconferencia ou outros medios de transmisión audiovisual, a obtención de información relacionada con contas ou transaccións bancarias ou financeiras, as entregas vixiadas ou as investigacións encubertas e a intervención de telecomunicacións con asistencia doutro Estado membro. Neste sentido, a orde europea de investigación comprende tamén medidas que impliquen a obtención de probas en tempo real, de maneira continua ou durante un determinado período de tempo, e prevé, que cando sexa necesario, os Estados de emisión e de execución poderán acordar entre si disposicións prácticas, co fin de compatibilizar as diferenzas existentes entre os seus dereitos internos.

A solicitude e práctica dunha medida de investigación poderase levar a cabo en calquera das fases do procedemento penal, incluída a da vista, se é preciso coa participación do interesado, para efectos da obtención de probas. Pódese emitir, por exemplo, unha orde europea de investigación para efectos do traslado temporal da persoa en cuestión ao Estado de emisión, ou para a realización dunha comparecencia por videoconferencia. Non obstante, se se debe trasladar a persoa a outro Estado membro para efectos do seu axuízamento, con inclusión da súa posta á disposición dun órgano xurisdiccional para ser sometida a xuízo, deberase emitir unha orde europea de detención e entrega.

Esta lei aborda, en consecuencia, o mandato de transposición da citada directiva e, para tal fin, modifica a Lei 23/2014, do 20 de novembro, co fin de incorporala ao dereito español. Tamén se prevé unha serie de pequenos axustes de cuestións xurdidas durante a vixencia da dita lei e que era necesario actualizar ou corrixir.

Os criterios seguidos na transposición baseáronse nos principios da boa regulación, comprendendo o principio de necesidade e eficacia ao cumprir a obriga de transposición con fidelidade ao texto da directiva e coa mínima reforma da actual normativa, de maneira que se evite a dispersión en prol da simplificación, así como nos principios de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para atender a necesidade que hai que cubrir, e de seguridade xurídica, xa que se realiza co ánimo de manter o marco normativo estable, predicible, integrado e claro, que produciu a compilación da Lei 23/2014, do 20 de novembro.

## III

A lei estrutúrase nun artigo con vinte e sete números, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, seis disposicións derradeiras e un anexo que aglutina a modificación e creación de novos anexos na lei vixente.

O proceso de transposición comporta modificar os artigos relevantes da Lei 23/2014, do 20 de novembro, coa introdución das previsións que o dereito da Unión Europea require. Esta forma de transposición é a máis idónea, a máis adecuada desde o punto de vista da técnica normativa e a que ofrece maior seguridade xurídica, xa que se continúa co sistema de inclusión e regulación nunha soa norma –con rango de lei por exigencia formal e material– dos instrumentos e medidas de recoñecemento mutuo penais dentro da Unión Europea, ofrecendo así aos operadores xurídicos unha visión completa do sistema de recoñecemento mutuo penal dentro da UE e da súa regulación nun único instrumento xurídico no ordenamento interno e evitando a dispersión normativa.

O número vinte e dous do artigo único introduce un novo título X na Lei 23/2014, do 20 de novembro, que regula a orde europea de investigación, en que se substitúe o exhorto, derogado pola normativa europea, en particular, polo Regulamento (UE) 2016/95 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xaneiro de 2016, polo que se derrogan determinados actos no ámbito da cooperación policial e xudicial en materia penal. O dito título estrutúrase seguindo o esquema da lei modificada, isto é, un capítulo de cuestións xerais da orde de investigación, e senllos capítulos para emisión e execución.

En coherencia co anterior, substitúese o anexo XIII da Lei 23/2014, do 20 de novembro, que se correspondía co anexo relativo ao exhorto, e inclúense na modificación os anexos correspondentes á orde europea de investigación.

## IV

Por último, efectúanse algunhas modificacións de cuestións que era necesario adaptar e que se puxeron de manifesto durante a aplicación da Lei 23/2014, do 20 de novembro.

Así, modifícase en primeiro lugar o capítulo de execución da orde europea de detención e entrega con vistas a adecualo ás exigencias dos dereitos establecidos para o detido pola Directiva 2013/48/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013, sobre o dereito á asistencia de letrado nos procesos penais e nos procedementos relativos á orde de detención europea, así como aos dereitos recollidos na Directiva (UE) 2016/800 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2016, relativa ás garantías procesuais dos menores sospeitosos ou acusados nos procesos penais.

En seguinte lugar, adécuase a norma á existencia da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos e ao protagonismo que esta adquiriu no marco do embargo e comiso en España, co obxecto de mellorar a eficiencia da súa actuación no ámbito do recoñecemento mutuo, e perfilando aspectos para a mellor suxeición ao articulado da Decisión marco 2006/783/JAI do Consello, do 6 de outubro de 2006, relativa á aplicación do principio de recoñecemento mutuo de resolucións de comiso.

Ademais, modifícase a norma para a transposición dalgúns aspectos da Directiva (UE) 2016/1919 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, relativa á asistencia xurídica gratuíta aos sospeitosos e acusados nos procesos penais e ás persoas buscadas en virtude dun procedemento de orde europea de detención, con vistas a garantir a efectividade do dereito á asistencia de letrado, financiada polos Estados membros, ás persoas buscadas en virtude dun procedemento de orde europea de detención conforme a Decisión marco do Consello 2002/584/JAI.

Tamén se substitúe o anexo VIII da dita norma por un novo anexo VIII que, ben que se refire á mesma medida –a orde europea de protección– emenda un erro que contiña a versión anterior.

## V

Noutra orde de cousas, a norma introduce a través de tres disposicións derradeiras senllas reformas da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, e da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado.

A primeira reforma incorporada á parte final está encamiñada a completar a adecuación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, á Directiva (UE) 2016/1919 citada.

A segunda reforma, con motivo da aplicación desde o 18 de xaneiro de 2017 do Regulamento (UE) n.º 655/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, polo que se establece o procedemento relativo á orde europea de retención de contas co fin de simplificar o cobramento transfronteirizo de débedas en materia civil e mercantil. Dada a necesidade de axustar o ordenamento xurídico español ao procedemento que prevé a orde de retención de contas, introdúcese unha nova disposición derradeira na Lei de axuízamento civil, sobre medidas para facilitar a aplicación da orde europea de retención de contas, a continuación das que xa se adoptaron para a aplicación doutros instrumentos europeos.

E, finalmente, a terceira modificación ten por obxecto traspor a Directiva (UE) 2015/637 do Consello, do 20 de abril de 2015, sobre as medidas de coordinación e cooperación para facilitar a protección consular de cidadáns da Unión non representados en terceiros países e pola que se derroga a Decisión 95/553/CE, naqueles aspectos en que se precisa norma de rango legal.

**Artigo único.** *Modificación da Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea.*

A Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase a letra i) no número 2 do artigo 2, que queda redactada como segue:

«i) A orde europea de investigación.»

Dous. Modifícase o artigo 7, que queda redactado como segue:

*«Artigo 7. Emisión e documentación de ordes e resolucións para a súa execución ao abeiro do principio de recoñecemento mutuo.*

1. Cando a eficacia dunha resolución penal española requira a práctica de actuacións procesuais noutro Estado membro da Unión Europea, tratándose dalgún instrumento de recoñecemento mutuo regulado nesta lei, a autoridade xudicial española competente documentaraa no formulario ou certificado obrigatorio, que transmitirá á autoridade competente do outro Estado membro para que proceda á súa execución.

O testemuño da resolución penal en que se basea o certificado remitirase obrigatoriamente xunto con este, salvo que se trate dunha orde europea de detención e entrega, dunha orde europea de protección ou dunha orde europea de investigación, que se documentarán exclusivamente a través do formulario correspondente.

O orixinal da resolución ou do certificado será remitido unicamente cando así o solicite a autoridade de execución.

2. O certificado ou o formulario irán asinados pola autoridade xudicial competente para ditar a resolución que se documenta.

3. O certificado ou o formulario traduciranse para a lingua oficial ou para unha das linguas oficiais do Estado membro a que se dirixa ou, se for o caso, para unha lingua oficial das institucións comunitarias que aceptase o dito Estado, salvo que

disposicións convencionais permitan, en relación con ese Estado, a súa remisión en español.

A resolución penal só será obxecto de tradución cando así o requira a autoridade xudicial de execución. O custo da tradución será asumido polo Estado de execución que a reclama, coa excepción da resolución pola que se impón unha pena ou medida privativa de liberdade regulada no título III.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 8, que terá a seguinte redacción:

«1. A transmisión dos instrumentos de recoñecemento mutuo, así como calquera outra notificación practicada conforme esta lei, farase directamente á autoridade xudicial competente do Estado de execución, a través de calquera medio que deixe constancia escrita en condicións que permitan acreditar a súa autenticidade.

Calquera dificultade que xurda en relación coa transmisión ou autenticidade dalgún documento necesario para a execución dun instrumento de recoñecemento mutuo solucionarase mediante comunicación directa entre as autoridades xudiciais implicadas ou, cando proceda en relación cunha orde europea de detención e entrega ou cunha orde europea de investigación, coa participación das autoridades centrais dos Estados membros.»

Catro. Modifícase o artigo 9, que queda redactado como segue:

«Artigo 9. *Información obrigatoria a Eurojust en relación cos instrumentos de recoñecemento mutuo.*

A obrigação de transmisión de información e a petición de asistencia a Eurojust derivada do uso de instrumentos de recoñecemento mutuo rexeranse polo establecido na Lei 16/2015, do 7 de xullo, pola que se regula o estatuto do membro nacional de España en Eurojust, os conflitos de xurisdición, as redes xudiciais de cooperación internacional e o persoal dependente do Ministerio de Xustiza no exterior, así como a súa normativa de desenvolvemento.»

Cinco. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 12, que queda redactado como segue:

«Cando á autoridade xudicial española de emisión dunha orde europea de detención e entrega, dunha resolución pola que se impoñen penas ou medidas privativas de liberdade, ou dunha orde europea de investigación, lle conste que resulta necesario o tránsito do reclamado por un Estado membro distinto do Estado de execución, instará o Ministerio de Xustiza para que solicite a autorización, remitindo copia da resolución xudicial e do certificado emitido, traducido este para unha das linguas que acepte o Estado de tránsito.»

Seis. Modifícase o artigo 14, que queda redactado como segue:

«Artigo 14. *Gastos.*

O Estado español financiará os gastos ocasionados pola execución dunha orde ou resolución de recoñecemento mutuo transmitida a outro Estado membro, salvo os ocasionados no territorio do Estado de execución.

Se na execución dunha resolución xudicial de comiso ou dunha orde europea de investigación emitida pola autoridade competente española se recibe comunicación do Estado de execución en que se propón unha repartición dos gastos ocasionados, no prazo de cinco días desde a recepción desta comunicación dirixirase oficio ao Ministerio de Xustiza español para os efectos de que acepte ou rexeite, total ou parcialmente, a proposta do Estado de execución e chegue a un acordo sobre a repartición dos custos.

En caso de que non se chegue a un acordo, a autoridade española de emisión decidirá se retira total ou parcialmente a orde europea de investigación ou a mantén. Neste último caso, sufragará os custos que se consideren excepcionalmente elevados.

Sen prexuízo do anterior, seguiranse as seguintes regras nos supostos que se indican a continuación:

a) Se a emisión dunha orde europea de investigación pola autoridade española implica o traslado temporal de detidos a España ou ao Estado de execución, co fin de levar a cabo unha medida de investigación, o Estado español financiará os gastos derivados do traslado e o seu retorno.

b) Se a emisión dunha orde europea de investigación pola autoridade española implica a intervención de telecomunicacións, o Estado español financiará os gastos derivados da transcripción, a descodificación e a descriptación das comunicacións intervidas.»

Sete. Modifícase o número 2 do artigo 21, que terá a seguinte redacción:

«2. A execución da orde ou resolución axustarase aos termos desta e non se poderá facer extensiva a persoas, bens ou documentos non comprendidos nela, sen prexuízo do disposto para a orde europea de investigación, coa participación das autoridades centrais dos Estados membros.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 24, que terá o seguinte texto:

«1. Contra as resolucións ditadas pola autoridade xudicial española en que se resolve acerca dos instrumentos europeos de recoñecemento mutuo poderanse interpor os recursos que procedan en cada caso, conforme as regras xerais previstas na lei procesual vixente.»

Nove. Engádesse un número 3 ao artigo 25 coa seguinte redacción:

«3. En execución da orde europea de investigación, se a autoridade competente española considera que os custos de execución serían excepcionalmente elevados, porá de manifesto esta circunstancia, dirixindo comunicación ao Ministerio de Xustiza español co fin de que este, se así o considera conveniente, realice proposta ao Estado de emisión sobre unha posible repartición dos gastos ocasionados, ou ben a modificación da orde europea de investigación, se for o caso, co obxecto de que non cubra os ditos gastos o Estado español senón o Estado de emisión.

Sen prexuízo do anterior, seguiranse as seguintes regras nos supostos que se indican a continuación:

a) Se a emisión dunha orde europea de investigación pola autoridade competente doutro Estado membro implica o traslado temporal de detidos a España, ou ben ao Estado de emisión, co fin de levar a cabo unha medida de investigación, o Estado de emisión financiará os gastos derivados do traslado e o seu retorno.

b) Se a emisión dunha orde europea de investigación pola autoridade competente doutro Estado membro implica a intervención de telecomunicacións, o Estado de emisión financiará os gastos derivados da transcripción, a descodificación e a descriptación das comunicacións intervidas.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 27, que queda redactado como segue:

«1. O Ministerio de Xustiza será competente para autorizar o tránsito por territorio español dunha persoa que estea sendo trasladada ao Estado de emisión desde o Estado de execución dunha orde europea de detención e entrega, dunha resolución pola que se impón unha pena ou medida privativa de liberdade ou dunha



orde europea de investigación, sempre que aquel lle remita a solicitude de tránsito acompañada dunha copia do certificado emitido para a execución da resolución.

O Ministerio de Xustiza poderá solicitar ao Estado de emisión que lle remita unha copia do formulario ou do certificado traducida para o español.»

Once. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 32, que quedan redactados como segue:

«1. As autoridades xudiciais españolas non recoñecerán nin executarán as ordes ou resolucións transmitidas nos supostos regulados para cada instrumento de recoñecemento mutuo e, con carácter xeral, nos seguintes casos:

a) Cando se ditase en España ou noutro Estado distinto ao de emisión unha resolución firme, condenatoria ou absolutoria, contra a mesma persoa e respecto dos mesmos feitos, e a súa execución vulnerase o principio *non bis in idem* nos termos previstos nas leis e nos convenios e tratados internacionais en que España sexa parte e aínda cando o condenado fose posteriormente indultado.

b) Cando a orde ou resolución se refira a feitos para cuxo axuízamento sexan competentes as autoridades españolas e, de ter ditado a condena un órgano xurisdiccional español, o delito ou a sanción imposta prescribíse de conformidade co dereito español.

c) Cando o formulario ou o certificado que debe acompañar a solicitude de adopción das medidas estea incompleto ou sexa manifestamente incorrecto ou non responda á medida, ou cando falte o certificado, sen prexuízo do disposto no artigo 19.

d) Cando exista unha inmunidade que impida a execución da resolución.»

«3. A autoridade xudicial española poderá denegar o recoñecemento e a execución dunha orde ou resolución cando se refira a feitos que o dereito español considere cometidos na súa totalidade ou nunha parte importante ou fundamental en territorio español. Neste suposto deberá deducirse testemuño e remitirse ao órgano xudicial competente para o coñecemento do asunto.»

Doce. Modifícase o número 2 do artigo 33, que terá a seguinte redacción:

«2. Este precepto non será de aplicación ás resolucións que soliciten a realización dun embargo preventivo de bens ou un aseguramento de probas, á orde europea de investigación nin ás resolucións polas que se impoñen medidas alternativas á prisión provisional.»

Trece. Modifícase o artigo 38, que queda redactado como segue:

«Artigo 38. *Toma de declaración previa á emisión dunha orde europea de detención e entrega.*

Con carácter previo á emisión dunha orde europea de detención e entrega, o xuíz competente poderá solicitar autorización ao Estado en que se encontre a persoa reclamada co fin de lle tomar declaración a través dunha solicitude de auxilio xudicial.»

Catorce. Introdúcese un número 4 no artigo 39 coa seguinte redacción:

«4. Cando a persoa reclamada exerza no Estado de execución o seu dereito a designar avogado en España para asistir o avogado no Estado de execución, garantírase o exercicio deste dereito e, se for o caso, do dereito á asistencia xurídica gratuíta, nos termos que legalmente proceda conforme o dereito español. A petición deberá ser tramitada pola autoridade xudicial española con carácter inmediato e a designación de profesionais polo colexio de avogados terá carácter preferente e urxente.»

Quince. Modifícase a letra b) do número 2 do artigo 48, que queda redactada como segue:

«b) Cando a orde europea de detención e entrega se ditase para efectos de execución dunha pena ou medida de seguridade privativa de liberdade e a persoa reclamada sexa de nacionalidade española ou con residencia en España, salvo que consinta en cumprila no Estado de emisión. Noutro caso, deberá cumprir a pena en España.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 50, que queda redactado como segue:

«Artigo 50. *Detención e posta á disposición da autoridade xudicial.*

1. A detención dunha persoa afectada por unha orde europea de detención e entrega practicarase na forma e cos requisitos e garantías previstos pola Lei de axuizamento criminal e pola lexislación en materia de responsabilidade penal de menores.

2. No prazo máximo de setenta e dúas horas tras a súa detención, a persoa detida será posta á disposición do xuíz central de instrución da Audiencia Nacional. No caso de menores de idade, a partir dos catorce anos, o prazo reducirase a vinte e catro horas, en que o menor detido será posto á disposición do Xulgado Central de Menores da Audiencia Nacional, conforme a lexislación en materia de responsabilidade penal de menores.

A posta á disposición xudicial será comunicada á autoridade xudicial de emisión.

3. Unha vez que a persoa detida sexa posta á disposición xudicial, será informada da existencia da orde europea de detención e entrega, do seu contido, do seu dereito a designar un avogado no Estado emisor da orde europea, cuxa función consistirá en prestar asistencia ao avogado en España facilitándolle información e asesoramento, da posibilidade de consentir no trámite de audiencia ante o xuíz e con carácter irrevogable a súa entrega ao Estado emisor, así como do resto dos dereitos que a asisten. No caso de que solicite designar un avogado no Estado emisor, porase en coñecemento da súa autoridade competente con carácter inmediato.

4. A persoa detida será informada por escrito de maneira clara e suficiente, e nunha linguaxe sinxela e comprensible, do seu dereito á renuncia ao avogado no Estado de emisión, sobre o contido do dito dereito e as súas consecuencias, así como da posibilidade da súa revogación posterior. A dita renuncia debe ser voluntaria e inequívoca, por escrito, e faranse constar as circunstancias dela.

A renuncia ao avogado no Estado de emisión poderase revogar posteriormente en calquera momento do proceso penal e producirá efectos desde o momento en que se efectúe.»

Dezasete. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 90, que queda redactado como segue:

«Se durante a execución da resolución pola que se impón unha pena ou medida privativa de liberdade se fuga o condenado, o xuíz central de vixilancia penitenciaria porao en coñecemento, sen dilación, do xuíz central do penal para que comunique esta incidencia á autoridade de emisión e deduza testemuño para a investigación das responsabilidades penais en que puidese incurrir o condenado.»

Dezaioito. Modifícase o número 4 do artigo 127, que queda redactado como segue:

«4. Durante a supervisión das medidas de vixilancia, o xuíz de instrución ou de violencia sobre a muller poderá solicitar da autoridade competente do Estado de emisión información sobre a necesidade da súa continuidade en atención ás circunstancias do caso.»



Dezanove. Introdúcese un novo número 4 no artigo 143 coa seguinte redacción:

«4. A resolución de aseguramento de probas regulada neste título unicamente poderá ser emitida ou recoñecida e executada en España cando se dirixa ou proveña, respectivamente, de Estados membros da Unión Europea que non estean vinculados pola orde europea de investigación regulada no título X.»

Vinte. Engádesse un parágrafo segundo ao número 2 do artigo 165, coa seguinte redacción:

«A Oficina de Recuperación e Xestión de Activos poderá chegar a un acordo co Estado de execución sobre a repartición de custos cando interviñese na xestión dos bens comisados.»

Vinte e un. Modifícase o artigo 172, que queda redactado como segue:

«Artigo 172. *Disposición dos bens comisados.*

1. O xuíz do penal competente, na falta de acordo coa autoridade de emisión, disporá do diñeiro obtido da execución da resolución de comiso de acordo coas seguintes regras:

a) Se o importe obtido da execución da resolución de comiso é inferior a 10.000 euros ou ao equivalente ao dito importe, este ingresarase na conta de depósitos e consignacións xudiciais.

b) En todos os demais casos, transferirase ao Estado de emisión o 50 por 100 do importe que se obtivese da execución da resolución de comiso. O 50 por 100 restante ingresarase na conta de depósitos e consignacións xudiciais.

As cantidades que, en aplicación do disposto anteriormente, correspondan a España serán transferidas ao Tesouro Público con aplicación, se for o caso, do que se estableza en normas especiais e, particularmente, no previsto polo Código penal, pola Lei de axuízamento criminal e pola Lei 17/2003, do 29 de maio, pola que se regula o Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O xuíz do penal competente decidirá que os bens que non sexan diñeiro ou outros instrumentos de pagamento ao portador obtidos da execución da resolución de comiso sexan alleados e aplicados da forma prevista no número anterior.

Tamén poderán ser transferidos ao Estado de emisión, sendo necesario o seu consentimento no suposto de que a resolución de comiso se refira a unha suma de diñeiro en efectivo.

O alleamento dos bens realizarase de acordo coa lexislación española e, cando proceda, observarase o previsto pola Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, e a súa normativa de desenvolvemento.

3. Cando da execución da resolución de comiso resulten afectados bens integrantes do patrimonio histórico español, o xuíz do penal en ningún caso procederá ao seu alleamento ou restitución ao Estado de emisión. En tal suposto, comunicarállelo ás autoridades españolas competentes e serán de aplicación as disposicións da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e a súa normativa de desenvolvemento.»

Vinte e dous. Substitúese o título X pola seguinte rúbrica e contido:

«TÍTULO X

**Orde europea de investigación en materia penal**

CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo 186. *Orde europea de investigación.*

1. A orde europea de investigación é unha resolución penal emitida ou validada pola autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea, ditada con vistas á realización dunha ou de varias medidas de investigación noutro Estado membro, cuxo obxectivo é a obtención de probas para o seu uso nun proceso penal. Tamén se poderá emitir unha orde europea de investigación con vistas á remisión de probas ou de dilixencias de investigación que xa figuren en poder das autoridades competentes do Estado membro de execución.

Consideraranse válidos en España os actos de investigación realizados polo Estado de execución, sempre que non contradigan os principios fundamentais do ordenamento xurídico español nin resulten contrarios ás garantías procesuais recoñecidas neste.

2. A orde europea de investigación poderase referir a procedementos incoados polas autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea, tanto administrativas como xudiciais, pola comisión de feitos tipificados como infraccións administrativas no seu ordenamento, cando a decisión poida dar lugar a un proceso ante un órgano xurisdiccional, en particular na orde penal.

3. A orde europea de investigación poderá comprender todas as medidas de investigación, con excepción da creación dun equipo conxunto de investigación e a obtención de probas no dito equipo.

Non obstante o anterior, cando un equipo conxunto de investigación necesite que as dilixencias de investigación se practiquen no territorio dun Estado membro que non participase no equipo, poderase emitir unha orde europea de investigación ás autoridades competentes do dito Estado.

4. Queda fóra do ámbito da orde europea de investigación o réxime de transmisión dos antecedentes penais, que se rexerá pola súa normativa específica.

5. Para efectos da emisión e da execución de ordes europeas de investigación para obter información sobre contas bancarias e outro tipo de contas financeiras ou sobre operacións bancarias e outro tipo de operacións financeiras:

a) Considerarase como entidade financeira aquela que se axuste á definición establecida pola lexislación de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

b) Considerarase como dato da conta ou do depósito, polo menos, o nome e o domicilio do titular, os pormenores dos poderes de representación e das facultades de disposición relativas a esa conta, os datos relativos á titularidade real e calquera outro detalle ou documento que subministrase o titular no momento da apertura ou con posterioridade a ela.

Artigo 187. *Autoridades competentes en España para emitir e executar unha orde europea de investigación.*

1. Son autoridades de emisión dunha orde europea de investigación os xuíces ou tribunais que coñezan do proceso penal en que se debe adoptar a medida de investigación ou que admitisen a proba se o procedemento se encontra en fase de axuizamento.

Son tamén autoridades de emisión os fiscais nos procedementos que dirixan, sempre que a medida que conteña a orde europea de investigación non sexa limitativa de dereitos fundamentais.

Para estes efectos, as autoridades competentes sinaladas poderán emitir ordes europeas de investigación para a execución de medidas que poderían ordenar ou executar, conforme as disposicións da Lei de axuizamento criminal e da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

2. O Ministerio Fiscal é a autoridade competente en España para recibir as ordes europeas de investigación emitidas polas autoridades competentes doutros Estados membros.

Unha vez rexistrada e tras confirmar a súa recepción á autoridade de emisión, o Ministerio Fiscal coñecerá do recoñecemento e execución da orde europea de investigación ou remitiralla ao xuíz competente, de conformidade coas seguintes regras:

a) Cando a orde europea de investigación non conteña medida ningunha limitativa de dereitos fundamentais, o Ministerio Fiscal será competente para recoñecer e executar a orde europea de investigación.

b) Cando a orde europea de investigación conteña algunha medida limitativa de dereitos fundamentais, que non poida ser substituída por outra que non restrinxa os ditos dereitos, está será remitida polo Ministerio Fiscal ao xuíz ou tribunal para o seu recoñecemento e execución. Tamén será remitida polo Ministerio Fiscal ao xuíz ou tribunal para o seu recoñecemento e execución a orde europea de investigación en que a autoridade de emisión indique expresamente que a medida de investigación debe ser executada por un órgano xudicial.

Nestes supostos achegarase o informe preceptivo do Ministerio Fiscal no cal se pronuncie sobre a concorrencia ou non de causa de denegación da execución da orde, e se se entende axustada a dereito a adopción de cada unha das medidas de investigación que a orde conteña.

3. Para os efectos da letra b) do número anterior, serán competentes:

a) Os xuíces de instrución ou de menores do lugar onde se deban practicar as medidas de investigación ou, subsidiariamente, onde exista algunha outra conexión territorial co delito, co investigado ou coa vítima. Se non hai ningún elemento de conexión territorial para poder concretar a competencia, serán competentes os xuíces centrais de instrución.

b) Os xuíces centrais de instrución, se a orde europea de investigación se emitiu por delito de terrorismo ou outro dos delitos cuxo axuizamento compete a Audiencia Nacional, ou se se trata da notificación prevista no artigo 222.

c) Os xuíces centrais do penal ou central de menores, no caso de traslado ao Estado de emisión de persoas privadas de liberdade en España, de conformidade co previsto no artigo 214.

O Ministerio Fiscal poderá practicar as dilixencias oportunas co fin de determinar o xuíz ou tribunal competente a quen remitir a orde europea de investigación para a súa execución.

O cambio sobrevido do lugar onde se deba practicar a medida de investigación non implicará unha perda sobrevida de competencia do xuíz ou tribunal que acordase o recoñecemento e execución da orde europea de investigación.

Se a dita orde europea de investigación se emitiu en relación con varias dilixencias de investigación que se tivesen que practicar en lugares distintos, será competente para o recoñecemento e execución da orde o xuíz ou tribunal a que o Ministerio Fiscal remita a dita orde, de entre os competentes de acordo coas regras previstas neste número e, no non previsto nelas, conforme as normas de preferencia da Lei de axuizamento criminal.

O xuíz ou tribunal a quen corresponda a execución notificará ao Ministerio Fiscal o recoñecemento e execución das medidas de investigación e a súa remisión á autoridade de emisión.

## CAPÍTULO II

### Emisión e transmisión dunha orde europea de investigación

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Réxime xeral de emisión e transmisión de ordes europeas de investigación*

Artigo 188. *Contido da orde europea de investigación.*

1. A orde europea de investigación documentarase no formulario que figura no anexo XIII, con mención expresa á seguinte información:

- a) Os datos da autoridade de emisión.
- b) O obxecto e motivos da orde europea de investigación.
- c) A información necesaria sobre a persoa ou persoas afectadas.
- d) A descrición da conduta delituosa que é obxecto da investigación ou proceso e as disposicións aplicables do dereito penal español.
- e) A descrición da medida ou medidas de investigación que se solicitan e das probas que se pretende obter.
- f) As formalidades, procedementos e garantías cuxa observancia solicita que sexan respectadas polo Estado de execución.

2. A autoridade española competente poderá expedir unha orde europea de investigación complementaria a outra xa cursada cando sexa necesario para obter novas probas para o mesmo proceso penal.

A orde europea de investigación complementaria documentarase na forma sinalada no número 1 e indicará a súa relación coa orde anterior na sección D do mesmo formulario do anexo XIII.

Cando a autoridade española competente colabore na execución da orde europea de investigación no Estado de execución, poderá transmitir unha orde complementaria directamente á autoridade de execución mentres se encontre no dito Estado.

Artigo 189. *Requisitos para a emisión dunha orde europea de investigación.*

1. A autoridade de emisión poderá emitir, de oficio ou por instancia de parte, unha orde europea de investigación cando concorran os seguintes requisitos:

- a) Que a emisión dunha orde europea de investigación sexa necesaria e proporcionada aos fins do procedemento para o cal se solicita, tendo en conta os dereitos do investigado ou encausado.
- b) Que a medida ou medidas de investigación solicitadas cuxo recoñecemento e execución se pretende que se acordasen no proceso penal español en que se emite a orde europea de investigación e poidan terse ordenado nas mesmas condicións para un caso interno similar.

2. A autoridade española competente poderá indicar na orde que se require un prazo máis curto que o previsto con carácter xeral para a execución da medida, ou que a medida de investigación ten que levarse a cabo nunha data concreta. Esta petición fundamentarase de maneira expresa nos prazos procesuais, na gravidade do delito ou noutras circunstancias particularmente urxentes.

Artigo 190. *Solicitud de información á autoridade de execución.*

1. A autoridade española competente poderá solicitar á autoridade de execución que a informe sen dilación, cando proceda, dos seguintes supostos:

a) Se considera que na execución da orde europea de investigación pode ser oportuno levar a cabo outras medidas de investigación non previstas na orde, co fin de que a autoridade de emisión poida adoptar novas medidas no caso de que se trate.

b) Se non pode cumprir coas formalidades, procedementos e garantías expresamente indicados.

2. A autoridade española competente poderá consultar a autoridade competente do Estado de execución co fin de facilitar a execución da orde europea de investigación.

Artigo 191. *Solicitud de participación da autoridade española competente.*

A autoridade española competente, xustificando as razóns polas que o considera conveniente, poderá solicitar a participación na execución da orde europea de investigación dunha ou de varias autoridades ou funcionarios españois, na mesma forma en que poderían estar presentes na súa execución en territorio nacional. A autoridade ou funcionario español que participe na execución da orde europea de investigación poderá recibir directamente as probas obtidas pola autoridade do Estado de execución, sempre que así se solicitase na dita orde e isto sexa posible conforme o dereito do Estado de execución.

Artigo 192. *Comunicación coa autoridade de execución.*

A autoridade española competente comunicará á autoridade de execución, no prazo de dez días, se decide retirar, modificar ou completar a orde europea de investigación nos seguintes supostos:

a) Cando a autoridade de execución comunique que o resultado perseguido pola orde europea de investigación pode conseguirse mediante unha medida de investigación menos restritiva que a solicitada pola autoridade de emisión.

b) Cando a autoridade de execución comunique que a medida de investigación solicitada non existe no seu dereito ou non está prevista para un caso interno similar, pero existe outra medida distinta que pode ser idónea para os fins da orde solicitada.

Artigo 193. *Utilización en España dos datos persoais obtidos na execución da orde europea de investigación noutro Estado membro.*

1. Os datos persoais obtidos da execución dunha orde europea de investigación só poderán ser empregados nos procesos en que se acordase esa resolución, naqueloutros relacionados de maneira directa con aquel ou excepcionalmente para previr unha ameaza inmediata e grave para a seguridade pública.

Para utilizar con outros fins os datos persoais obtidos, a autoridade española competente deberá solicitar o consentimento da autoridade do Estado de execución ou do titular dos datos.

2. Cando nun caso concreto así o requira a autoridade competente do Estado de execución, a autoridade española competente informaraa do uso que faga dos datos persoais que se remiten a través dunha orde europea de investigación, con excepción daqueles obtidos durante a súa execución en España.

Artigo 194. *Confidencialidade na emisión dunha orde europea de investigación.*

A autoridade competente española, conforme o ordenamento xurídico español e a menos que a autoridade de execución indicase outra cousa, non desvelará ningunha proba ou información facilitada pola autoridade de execución para ser utilizada no procedemento español, excepto na medida en que a súa revelación sexa necesaria para as investigacións ou procedementos descritos na orde europea de investigación.

Sección 2.<sup>a</sup> *Emisión de ordes europeas de investigación con medidas específicas de investigación*

Artigo 195. *Emisión dunha orde europea de investigación para o traslado temporal a España de persoas privadas de liberdade no Estado de execución.*

1. A autoridade española competente emitirá unha orde europea de investigación para o traslado temporal a España dunha persoa privada de liberdade no Estado de execución cando a investigación requira a súa presenza en España e sempre que non teña por finalidade o seu axuízamento, caso en que deberá optar pola emisión dunha orde europea de detención e entrega.

2. A autoridade española competente acordará coas autoridades competentes do outro Estado as disposicións prácticas relativas ao traslado temporal do privado de liberdade, así como os detalles das súas condicións de privación de liberdade, con inclusión das datas de saída e de regreso, conforme as previsións dos artigos 12 e 27, e garantirá que se ten en conta a condición física e mental da persoa de que se trate, así como o nivel de seguridade requirido en España.

3. A persoa trasladada permanecerá privada de liberdade en España en relación cos feitos ou condenas polos que o estivese no Estado de execución, a menos que este pida a súa posta en liberdade.

4. A persoa trasladada non será perseguida ou detida ou sometida a calquera outra restrición da súa liberdade persoal en España por actos ou condenas anteriores á súa saída do territorio do Estado de execución e que non estivesen especificados na orde europea de investigación. Non obstante, esta inmunidade quedará sen efecto cando a persoa trasladada, tendo a oportunidade de regresar, permanecese en territorio español durante os quince días seguintes desde a data en que a súa presenza xa non fose exixida pola autoridade española competente ou regresase en caso de telo abandonado.

Artigo 196. *Emisión dunha orde europea de investigación para o traslado temporal ao Estado de execución de persoas privadas de liberdade en España.*

A autoridade española competente poderá emitir unha orde europea de investigación para o traslado temporal dun detido en España co fin de levar a cabo unha medida de investigación que requira a súa presenza no territorio do Estado de execución, sempre que a persoa privada de liberdade dea o seu consentimento. Para tal fin serán de aplicación as previsións do artigo 214.

Artigo 197. *Emisión dunha orde europea de investigación para unha comparecencia por videoconferencia ou outros medios de transmisión audiovisual.*

1. Cando a autoridade competente española que estea coñecendo dun proceso penal en España considere necesario oír o investigado ou encausado, ou unha testemuña ou perito que se encontre no territorio doutro Estado membro, emitirá unha orde europea de investigación para que a dita declaración se realice por videoconferencia ou outros medios de transmisión audiovisual.

Para tal fin determinaranse, de acordo coa autoridade de execución competente, as disposicións prácticas conforme as cales se levará a cabo a comparecencia.



Se nun caso concreto a autoridade de execución non dispón dos medios técnicos necesarios para realizar a comparecencia por videoconferencia ou outros medios de transmisión audiovisual, a autoridade competente española que a solicitase poderá póllos á súa disposición logo de acordo.

Artigo 198. *Emisión dunha orde europea de investigación para obter información sobre contas bancarias e outro tipo de contas financeiras.*

1. Cando a autoridade española competente necesite determinar se a persoa física ou xurídica obxecto de proceso penal en curso é titular ou posúe o control dunha ou máis contas ou depósitos nun banco ou noutra entidade financeira que se localice no territorio doutro Estado membro e, en caso afirmativo, obter os datos das contas e depósitos identificadas que figuren aínda no seu poder, poderá emitir unha orde europea de investigación. A información requirida incluírá, sempre que se solicite na orde europea de investigación, as contas respecto das cales a persoa que sexa obxecto dos procesos penais de que se trate teña poderes de representación.

2. Na orde europea de investigación indicaranse as razóns polas que considera que a información solicitada é necesaria para o proceso penal de que se trate e as razóns polas que supón que a conta se encontra nalgún banco ou noutra entidade financeira do Estado de execución e, sempre que conte coa dita información, de que banco ou entidade financeira se trata. Tamén incluírá na orde europea de investigación calquera información da cal dispoña que poida facilitar a súa execución.

Artigo 199. *Emisión dunha orde europea de investigación para obter información sobre operacións bancarias e outro tipo de operacións financeiras.*

A autoridade española competente poderá emitir unha orde europea de investigación para obter os datos que figuren aínda en poder do banco ou doutra entidade financeira correspondentes a:

- a) Contas bancarias específicas.
- b) Operacións bancarias que se efectuasen ou se vaian efectuar dentro dun prazo concreto por medio dunha ou máis contas indicadas na orde, con inclusión dos datos de toda conta remitente ou receptora.
- c) Operacións financeiras efectuadas por entidades financeiras non bancarias.

Na orde indicaranse as razóns polas que considera que a información solicitada é pertinente para o proceso penal de que se trate.

Artigo 200. *Emisión dunha orde europea de investigación para obter probas en tempo real, de maneira continua e durante un determinado período de tempo.*

Cando a autoridade competente que estea coñecendo dun proceso penal en España considere necesario emitir unha orde europea de investigación para efectos da execución dunha medida de investigación que requira a obtención de probas en tempo real, de maneira continua e durante un determinado período de tempo, indicará as razóns polas que considera que a información solicitada é pertinente para o proceso penal en curso.

Artigo 201. *Emisión dunha orde europea de investigación para realizar investigacións encubertas.*

Cando a autoridade competente considere necesario que as autoridades competentes doutro Estado membro colaboren na investigación encuberta dunha ou de varias actividades delituosas, a través de axentes que actúen infiltrados ou cunha identidade falsa, emitirá unha orde europea de investigación solicitando a dita colaboración e indicará as razóns polas que considera pertinente realizar unha investigación encuberta.

Artigo 202. *Emisión dunha orde europea de investigación para intervención de telecomunicacións.*

1. A autoridade española competente emitirá unha orde europea de investigación cando, unha vez acordado mediante auto ditado conforme a Lei de axuízamento criminal, proceda a intervención das comunicacións noutro Estado membro e se requira a súa asistencia técnica. A medida solicitada poderá abranguer, igualmente, a obtención de datos de tráfico e localización correspondente a tales comunicacións.

2. Cando a asistencia técnica requirida poida ser prestada por máis dun Estado membro, enviarase a orde europea de investigación só a un deles. Para tal efecto, darase sempre prioridade ao Estado membro en que se encontre ou vaia encontrarse o investigado ou encausado.

3. A autoridade española competente poderá acordar coa autoridade de execución que a intervención se execute conforme unha das dúas seguintes modalidades:

- a) Transmitindo directamente a telecomunicación ao Estado de emisión.
- b) Intervindo e rexistrando no Estado de execución a telecomunicación para, unha vez rexistrada, trasladar o resultado ao Estado de emisión.

A autoridade española competente poderá someter a consulta e ser consultada pola autoridade de execución respecto da elección da forma en que se vai executar a orde europea de investigación.

4. A orde europea de investigación emitida para a intervención de telecomunicacións deberá especificar:

- a) As razóns polas que a intervención é necesaria para os fins do proceso penal.
- b) A información necesaria para a identificación da persoa afectada pola intervención.
- c) A duración da intervención.
- d) Os datos técnicos necesarios, en particular o identificador da persoa, para garantir que se poida executar a solicitude.

5. Na orde europea de investigación poderase pedir unha transcripción, descodificación ou descriptación do rexistro. Esta petición poderase facer, así mesmo, durante a práctica da intervención. En ambos os casos, a transcripción, descodificación ou descriptación deberán ser acordadas coa autoridade de execución.

Artigo 203. *Emisión dunha orde europea de investigación para adoptar medidas de aseguramento de proba ou de dilixencias de investigación en relación cos medios de proba.*

A autoridade española competente poderá emitir unha orde europea de investigación coa finalidade de impedir de forma cautelar a destrución, transformación, desprazamento, transferencia ou alleamento dun obxecto que se poida empregar como medio de proba.

Na orde europea de investigación indicarse se o medio de proba se deberá transferir a España ou conservar no Estado de execución.

Cando na orde europea de investigación se solicite que o medio de proba se conserve no Estado de execución, indicarse a data en que se deberá levantar a medida cautelar instada ou a data estimada en que se formulará a solicitude para que a proba sexa trasladada a España.

Notificarase inmediatamente á autoridade de execución o levantamento das medidas provisionais que se instasen.

Artigo 204. *Notificación ao Estado membro en que se encontre a persoa que sexa obxecto dos procedementos penais e cuxa asistencia técnica non sexa necesaria.*

1. A autoridade española competente que acordase a intervención de telecomunicacións dunha persoa que se encontra no territorio doutro Estado membro sen a súa asistencia técnica, notificará á autoridade competente dese Estado a dita intervención. Esta notificación levarase a cabo:

- a) antes da intervención, cando se teña coñecemento de que esa persoa se encontra ou se encontrará no territorio do outro Estado membro;
- b) durante a intervención ou despois desta, inmediatamente despois de ter coñecemento de que esa persoa se encontra, ou se encontrou durante a intervención, no territorio do outro Estado membro.

Esta notificación efectuarase por medio do formulario contido no anexo XV.

2. A autoridade española competente que acordase esta intervención non a levará a cabo ou poralle fin se a autoridade competente do Estado notificado así o indica. Así mesmo, a autoridade española competente só poderá utilizar o material intervido nas condicións que o Estado notificado especifique.

No caso de que a autoridade competente do Estado notificado informe de que o material obtido non pode ser utilizado, a autoridade española competente ordenará a súa destrución.

### CAPÍTULO III

#### **Recoñecemento e execución dunha orde europea de investigación**

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Réxime xeral de recoñecemento e execución de ordes europeas de investigación*

Artigo 205. *Requisitos para o recoñecemento e execución en España dunha orde de investigación europea.*

1. A autoridade competente española que reciba unha orde europea de investigación ditará auto ou decreto de recoñecemento e execución desta, salvo que conorra algún dos motivos de denegación ou suspensión a que se refiren os artigos 207 e 209.

2. A autoridade competente española que reciba unha orde europea de investigación que non fose emitida pola autoridade de emisión competente, ou validada, se for o, caso polo xuíz, tribunal ou fiscal competente do Estado de emisión, procederá á súa devolución.

Artigo 206. *Execución das medidas de investigación solicitadas na orde europea de investigación.*

1. A autoridade competente española levará a cabo a execución da medida de investigación solicitada se a dita medida de investigación existe no dereito español e está prevista para un caso interno similar.

En particular, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte, a autoridade competente ordenará a execución en todo caso se a medida de investigación solicitada é algunha das seguintes:

- a) A obtención de información ou de probas que figuren xa en poder da autoridade competente española sempre que, de conformidade co dereito nacional, esa información ou esas probas se puidesen obter no contexto dun procedemento penal ou para os fins da orde europea de investigación;

b) a obtención de información contida en bases de datos que figuren en poder das autoridades policiais ou xudiciais e que sexan directamente accesibles no marco dun procedemento penal;

c) a declaración dunha testemuña, un perito, unha vítima, un investigado ou encausado ou un terceiro en territorio español;

d) calquera medida de investigación non restritiva dos dereitos fundamentais e garantías procesuais prevista no dereito español;

e) a identificación de persoas que sexan titulares dun número de teléfono ou dun enderezo IP determinados.

2. Cando o resultado perseguido pola orde europea de investigación se poida conseguir mediante unha medida de investigación menos restritiva dos dereitos fundamentais que a solicitada na orde europea de investigación, a autoridade competente española ordenará a execución desta última.

3. Cando a medida de investigación solicitada non exista no dereito español ou non estea prevista para un caso interno similar, a autoridade competente española ordenará a execución dunha medida de investigación distinta da solicitada, se a dita medida é idónea para os fins da orde solicitada.

4. Nos supostos previstos nos números 2 e 3, antes de adoptar a resolución, a autoridade competente informará a autoridade de emisión. Se a autoridade de emisión non comunica a súa decisión de retirar ou completar a orde europea de investigación no prazo de dez días, a autoridade de execución ordenará a execución da medida de investigación alternativa.

5. Cando a medida de investigación indicada na orde europea de investigación non exista no dereito nacional ou, existindo, non puidese ser adoptada nun caso interno similar e, ademais, non exista ningunha outra medida de investigación que poida obter o mesmo resultado que a medida de investigación solicitada, a autoridade española competente notificará á autoridade do Estado de emisión que non foi posible proporcionar a asistencia requirida.

#### Artigo 207. *Denegación do recoñecemento e execución da orde europea de investigación.*

1. A autoridade competente española denegará o recoñecemento e execución da orde europea de investigación, ademais de nos supostos do número 1 do artigo 32, nos seguintes casos:

a) Cando exista un privilexio procesual que faga imposible executar a orde europea de investigación ou normas sobre determinación e limitación da responsabilidade penal en relación coa liberdade de prensa e coa liberdade de expresión noutros medios de comunicación que imposibiliten á autoridade competente española a súa execución.

b) Cando a execución poida lesionar intereses esenciais de seguridade nacional, comprometer a fonte de información ou implicar a utilización de información clasificada relacionada con determinadas actividades de intelixencia.

c) Cando a resolución se refira a feitos que se cometeron fóra do Estado emisor e total ou parcialmente en territorio español, e a conduta en relación coa cal se emite a orde europea de investigación non sexa constitutiva de delito en España.

d) Cando existan motivos fundados para crer que a execución da medida de investigación indicada na orde europea de investigación é incompatible coas obrigacións do Estado español, de conformidade co artigo 6 do Tratado da Unión Europea e da Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea.

e) Cando a conduta que deu orixe á emisión da orde europea de investigación non sexa constitutiva de delito conforme o dereito español e non estea recollida nas categorías de delitos a que se refire o número 1 do artigo 20, sempre que a pena ou medida de seguridade privativas de liberdade previstas no Estado de emisión para

o delito a que se refire a orde europea de investigación sexa dun máximo de, polo menos, tres anos.

Para comprobar se a dita conduta está ou non incluída dentro dos delitos enumerados no número 1 do artigo 20 e que alcanza o limiar de pena antes mencionado, observárase o indicado pola autoridade do Estado de emisión no formulario de emisión remitido.

f) Cando o uso da medida de investigación indicada na orde europea de investigación estea limitado, conforme o dereito español, a unha lista ou categoría de delitos, ou a delitos castigados con penas de a partir dun determinado limiar que non alcance o delito a que se refire a orde europea de investigación.

g) Cando a orde europea de investigación se refira a procedementos incoados polas autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea pola comisión de feitos tipificados como infraccións administrativas no seu ordenamento cando a decisión poida dar lugar a un proceso ante un órgano xurisdiccional na orde penal, e a medida non estea autorizada, conforme o dereito do Estado de execución, para un caso interno similar.

2. As letras e) e f) do número anterior non serán de aplicación, en ningún caso, ás medidas de investigación a que se refire o número 1 do artigo 206.

3. En caso de que conorra algún dos motivos de denegación do recoñecemento e a execución previstos nas letras a) ou d) do número 1 do artigo 32 ou nas letras a), b), c) ou d) do número 1 deste artigo, antes de denegar parcial ou totalmente o recoñecemento e a execución da orde europea de investigación, a autoridade española competente solicitará á autoridade de emisión a información complementaria necesaria e, se for o caso, a emenda do defecto en que se incorrese.

**Artigo 208. Procedemento para o recoñecemento e a execución da orde europea de investigación.**

1. A autoridade competente española que reciba a orde europea de investigación, se non aprecia a concorrencia de causa ningunha de denegación ou suspensión, ditará sen dilación auto ou decreto, respectivamente, en que recoñecerá a concorrencia dos requisitos exixidos legalmente e ordenará a súa execución. O auto ou decreto conterá as instrucións necesarias para a práctica das medidas de investigación solicitadas.

A decisión de recoñecer e executar a orde europea de investigación ou, se for o caso, denegar a súa execución deberá ser tomada canto antes e, como máis tarde, no prazo de trinta días desde a súa recepción pola autoridade competente.

2. Cando, nun caso concreto, a autoridade competente española aprecie que non se poderá cumprir o prazo previsto para ditar o auto ou decreto, respectivamente, de recoñecemento e execución da orde, informará sen demora a autoridade de emisión explicando as razóns e comunicando o prazo estimado necesario para adoptar a resolución. Neste caso, o prazo establecido para ditar a resolución de recoñecemento e execución poderase prorrogar até un máximo de trinta días.

3. Cando o Estado de emisión participe na execución da orde europea de investigación e se a autoridade de emisión emite unha orde complementaria á anterior, a autoridade competente española poderá recibir directamente a orde complementaria que a autoridade de emisión dite mentres está en España.

4. A autoridade competente española levará a cabo a execución da medida de investigación sen demora e, como máis tarde, no prazo de noventa días despois de que se adopte a resolución de recoñecemento e execución, a menos que, conforme o disposto no artigo 209, exista algún motivo para a suspensión do procedemento de recoñecemento e execución ou que a proba mencionada na medida de investigación incluída na orde europea de investigación xa se encontre en posesión do Estado español.

5. Cando a autoridade de emisión indicase na orde que, debido aos prazos procesuais, á gravidade do delito ou a outras circunstancias particularmente urxentes, se require un prazo máis curto para a execución da medida, ou se a medida de investigación ten que levarse a cabo nunha data concreta, a autoridade competente española observará o disposto na orde en relación cos ditos prazos. En caso de que non sexa posible, comunicarllo á autoridade de emisión sen demora.

6. Así mesmo, cando nun caso concreto non se poida levar a cabo a execución da medida de investigación dentro do prazo previsto para tal efecto, a autoridade competente española informará sen demora a autoridade competente do Estado de emisión explicando as razóns da demora e consultará a autoridade de emisión sobre o prazo ou a data adecuados para levar a cabo a execución da medida de investigación.

*Artigo 209. Suspensión do recoñecemento e execución dunha orde europea de investigación.*

1. A autoridade competente española suspenderá o recoñecemento e a execución dunha orde europea de investigación cando concorran algún dos seguintes supostos:

a) Que a súa execución poida prexudicar unha investigación penal ou actuacións xudiciais penais en curso, até o momento que se considere necesario.

b) Que os obxectos, documentos ou datos de que se trate están sendo utilizados noutros procedementos, até que xa non se requiran con este fin.

2. Unha vez que deixen de existir as causas que provocaron a suspensión, a autoridade competente española adoptará as medidas necesarias para a execución da orde europea de investigación e informará sen dilación a autoridade competente do Estado de emisión.

*Artigo 210. Participación das autoridades do Estado de emisión na práctica de dilixencias en territorio español.*

1. No caso de que a autoridade de emisión solicite que unha ou varias autoridades do seu Estado participen na execución da orde europea de investigación, a autoridade competente española accederá a isto sempre que as ditas autoridades estean facultadas para participar na execución das medidas de investigación requiridas na orde nun caso interno similar do seu Estado e que esa participación non sexa contraria aos principios xurídicos fundamentais nin prexudique os intereses esenciais da seguridade nacional.

As ditas autoridades terán a consideración de funcionario público español para efectos penais mentres se encontren en España participando na execución da orde europea de investigación. No caso do axente encuberto acordaranse co Estado de emisión, aténdose aos respectivos dereitos internos e procedementos nacionais, a duración da investigación encuberta, as condicións concretas e o réxime xurídico dos axentes de que se trate.

2. As autoridades do Estado de emisión que participen na execución da orde europea de investigación someteranse ao dereito español e só poderán exercer competencia coercitiva en territorio español se o exercicio da dita competencia é conforme co dereito español e unicamente na medida en que ambas as autoridades o acordasen.

3. A autoridade competente española poderá consultar en calquera momento a autoridade competente do Estado de emisión co fin de facilitar a execución da orde europea de investigación.



Artigo 211. *Traslado das probas obtidas.*

1. As probas obtidas trasladaranse de maneira inmediata á autoridade do Estado de emisión e indicárase se deben ser devoltas ás autoridades competentes españolas tan axiña como deixen de ser necesarias no Estado de emisión.

No caso de que o Estado de emisión participe na execución da orde, sempre que así se solicitase nela e se é posible conforme o dereito español, as probas obtidas trasladaranse inmediatamente ás autoridades competentes do Estado de emisión.

2. Non obstante o disposto no número anterior, poderase acordar a suspensión do traslado das probas obtidas nos casos en que se interpuxese un recurso contra o recoñecemento e execución da orde, salvo se na orde se indican razóns suficientes que xustifiquen que é indispensable o traslado inmediato para o adecuado desenvolvemento da investigación ou para preservar dereitos individuais. Non obstante, suspenderase o traslado de probas se este pode causar un dano grave ou irreversible á persoa interesada.

3. Cando as probas obtidas sexan relevantes para outros procesos penais, a autoridade competente española, logo de petición expresa e tras manter consultas coa autoridade de emisión, poderá trasladar temporalmente as probas coa condición de que se devolvan ás autoridades competentes españolas tan axiña como o Estado de emisión deixe de necesitalas ou ben en calquera outro momento ou ocasión que acorden as autoridades competentes.

Artigo 212. *Información específica sobre o curso da execución da orde europea de investigación.*

1. O Ministerio Fiscal, tras recibir a orde europea de investigación, confirmará que a recibiu no prazo máximo dunha semana desde a recepción, mediante a formalización do anexo XIV.

2. Malia o disposto nos números 4 e 5 do artigo 206, a autoridade competente española encargada da execución informará sen dilación a autoridade de emisión nos casos seguintes:

a) Se é imposible adoptar unha resolución de recoñecemento e execución debido a que o formulario do anexo XIII está incompleto ou é manifestamente incorrecto, ou non está traducido para o castelán ou para algunha das linguas admitidas por España.

b) Se considera que na execución da orde europea de investigación pode ser oportuno levar a cabo outras medidas de investigación non previstas na orde, co fin de que a autoridade de emisión poida adoptar novas medidas no caso de que se trate.

c) Se non pode cumprir coas formalidades, procedementos e garantías expresamente indicados.

d) De calquera resolución adoptada de conformidade co disposto nos artigos 206, 207 e 209.

Artigo 213. *Confidencialidade na execución dunha orde europea de investigación.*

Cando execute unha orde europea de investigación, a autoridade competente española ten a obrigaçión de gardar confidencialidade dos feitos e o fondo desta, excepto no grao en que sexa necesario para executar a medida de investigación, e calquera publicidade será sempre obxecto de consulta previa coa autoridade do Estado de emisión.

*Sección 2.ª Recoñecemento e execución de ordes europeas de investigación con medidas específicas de investigación*

*Artigo 214. Execución dunha orde europea de investigación para o traslado temporal ao Estado de emisión de persoas privadas de liberdade en España.*

1. A autoridade española competente denegará o recoñecemento e execución dunha orde europea de investigación para o traslado temporal de persoas privadas de liberdade en España, ademais de nos supostos previstos no número 1 do artigo 32 e no artigo 208, en caso de que:

- a) A persoa privada de liberdade non dea o seu consentimento. Cando debido á súa idade ou estado físico ou psíquico, non poida dar a súa opinión, esta solicitarase a través do seu representante legal.
- b) O traslado poida causar a prolongación da privación de liberdade da persoa.

2. A autoridade española competente acordará coas autoridades competentes do outro Estado as disposicións prácticas relativas ao traslado temporal do privado de liberdade, así como os detalles das súas condicións de privación de liberdade, con inclusión das datas de saída e de regreso, conforme as previsións dos artigos 12 e 27, garantindo que se teñen en conta a condición física e mental da persoa de que se trate, así como o nivel de seguridade requirido no Estado de emisión.

3. A autoridade española competente deducirá, de oficio ou por instancia de parte ou do Ministerio Fiscal, do período máximo de prisión a que estea sometido ou se vaia someter o reclamado por unha orde europea de investigación calquera período de privación de liberdade no territorio do Estado de emisión.

*Artigo 215. Execución dunha orde europea de investigación para o traslado temporal a España de persoas privadas de liberdade no Estado de emisión.*

A autoridade española competente denegará o recoñecemento e execución dunha orde europea de investigación para o traslado temporal a España de persoas privadas de liberdade no Estado de emisión, ademais de nos supostos previstos no número 1 do artigo 32 e no artigo 207, en caso de que a persoa privada de liberdade non dea o seu consentimento. Cando, debido á súa idade ou estado físico ou psíquico, non poida dar a súa opinión, esta solicitarase a través do seu representante legal.

En todo o demais, a execución da orde europea de investigación para o traslado temporal a España de persoas privadas de liberdade no Estado de emisión suxeitarase ao disposto no artigo 214.

*Artigo 216. Execución dunha orde europea de investigación para unha comparecencia por videoconferencia ou outros medios de transmisión audiovisual.*

1. A autoridade española competente denegará o recoñecemento e execución da orde europea de investigación para unha comparecencia por videoconferencia ou outros medios de transmisión audiovisual, ademais de nos supostos previstos no número 1 do artigo 32 e no artigo 207, en caso de que a execución da dita medida de investigación nun caso concreto sexa contraria aos principios xurídicos fundamentais do dereito español.

Tamén poderá denegar o recoñecemento e execución se o investigado ou o acusado non dá o seu consentimento para a práctica da medida.

2. Cando a autoridade competente española reciba unha orde europea de investigación en que se solicite unha comparecencia por videoconferencia ou outros medios de transmisión audiovisual, levaraa a cabo na forma que acordase coa autoridade de emisión. En todo caso, a autoridade competente española encargarse de:

- a) Notificar a medida á testemuña ou perito correspondente, indicando o momento e o lugar da comparecencia.

b) Citar as persoas investigadas ou encausadas para que asistan á comparecencia conforme as normas específicas que estableza o dereito español e informalas dos seus dereitos conforme o dereito do Estado de emisión, con tempo suficiente para que se poidan acoller efectivamente ás garantías procesuais.

c) Asegurarse da identidade da persoa que deba prestar declaración.

3. A autoridade española competente porase de acordo coa autoridade de emisión sobre a práctica da execución da medida que, en todo caso, se rexerá polas seguintes normas:

a) Durante a declaración estará presente a autoridade española competente, asistida por un intérprete cando sexa necesario, para identificar a persoa que deba prestar declaración e velar polo respecto do ordenamento xurídico español.

b) A autoridade española competente acordará, se for o caso, coa autoridade de emisión, a adopción de medidas de protección da persoa que deba declarar.

c) A declaración terá lugar ante a autoridade competente do Estado de emisión ou baixo a súa dirección.

d) Se así o solicita a autoridade de emisión ou a persoa comparecente, a autoridade española facilitará un intérprete para que a asista.

e) Con carácter previo á declaración, informaranse as testemuñas ou peritos dos dereitos procesuais que os asisten ao abeiro tanto do dereito do Estado de emisión como do español, incluído o dereito a non declarar cando así se dispoña.

4. Finalizada a declaración, a autoridade española en cuxo territorio se executase a medida redactará a acta desta, en que constarán a data e o lugar, a identidade da persoa oída, a identidade do resto de persoas que participasen, o xuramento formulado e as condicións técnicas en que se levase a cabo a declaración. A acta transmitirase á autoridade competente do Estado de emisión.

5. No caso de que a persoa que deba ser oída en España en execución dunha orde europea de investigación non preste testemuño estando sometida á obrigaçión de testificar ou non preste testemuño veraz, aplicaráselle o ordenamento xurídico español do mesmo modo que se a comparecencia se realizase dentro dun proceso nacional.

**Artigo 217. *Execución dunha orde europea de investigación para obter información sobre contas bancarias e outro tipo de contas financeiras.***

Cando a autoridade española competente reciba unha orde europea de investigación en que se requira información sobre contas bancarias ou outro tipo de contas financeiras proporcionaraa de conformidade co dereito español, a menos que a entidade financeira non dispoña dela. A información que se proporcione á autoridade de emisión incluirá, cando así o solicite a orde europea de investigación, as contas respecto das cales a persoa que sexa obxecto dos procesos penais de que se trate teña poderes de representación.

A autoridade competente española, ademais de polos motivos de denegación do recoñecemento e da execución previstos no número 1 do artigo 32 e no artigo 207, denegará a execución da orde europea de investigación nos casos en que non se autorizaría a medida de investigación nun caso interno similar.

A autoridade española competente adoptará as medidas necesarias para garantir que os bancos ou entidades financeiras non revelen ao cliente bancario interesado nin a outros terceiros o feito de que se transmitiu información ao Estado de emisión en virtude deste artigo e do seguinte, ou de que se está levando a cabo unha investigación. Para eses efectos poderá utilizar a información que figura no Ficheiro de titularidades financeiras, sempre que se trate de investigacións de delitos de branqueo de capitais ou financiamento do terrorismo.

Artigo 218. *Execución dunha orde europea de investigación para obter información sobre operacións bancarias e outro tipo de operacións financeiras.*

A autoridade española competente para o recoñecemento e execución dunha orde europea de investigación proporcionará a información sobre operacións bancarias e outro tipo de operacións financeiras de conformidade co dereito español, a menos que a entidade financeira non dispoña dela.

No caso da letra c) do artigo 199, ademais de polos motivos de denegación do recoñecemento e da execución recollidos nesta lei, a autoridade española competente denegará a execución da orde europea de investigación nos casos en que non se autorizaría a medida de investigación nun caso interno similar.

Artigo 219. *Execución dunha orde europea de investigación para obter probas en tempo real, de maneira continua e durante un determinado período de tempo.*

1. Cando a autoridade competente reciba unha orde europea de investigación co fin de realizar unha medida de investigación que requira a obtención de probas en tempo real, de maneira continua e durante un determinado período de tempo, denegará a súa execución, ademais de nos supostos recollidos no número 1 do artigo 32 e no artigo 207, nos casos en que non se autorizaría a medida de investigación nun caso interno similar.

2. A autoridade competente que reciba unha orde europea de investigación co fin de realizar unha medida das previstas neste artigo será a competente para actuar, dirixir e controlar as operacións relacionadas coa súa execución, ben que as disposicións prácticas as acordará coa autoridade competente do Estado de emisión.

Artigo 220. *Execución dunha orde europea de investigación para realizar investigacións encubertas.*

1. Cando a autoridade competente reciba unha orde europea de investigación co fin de solicitar a súa colaboración na realización dunha investigación encuberta en España, denegará a súa execución, ademais de nos supostos recollidos no número 1 do artigo 32 e no artigo 207, cando:

a) A realización de investigacións encubertas non se autorizaría en casos internos similares.

b) Non se chegase a un acordo coa autoridade de emisión respecto ás condicións para levar a cabo a investigación correspondente.

2. A autoridade que acorde a execución dunha orde europea de investigación co fin de realizar unha medida das previstas neste artigo executará de acordo co ordenamento xurídico español asumindo a dirección e o control das operacións relacionadas coa medida, ben que a súa duración, as condicións concretas e o réxime xurídico dos axentes intervinientes serán acordados coa autoridade competente do Estado de emisión.

Artigo 221. *Execución dunha orde europea de investigación para intervención de telecomunicacións.*

1. A autoridade xudicial competente española denegará a execución da orde europea de investigación, ademais de polos motivos previstos no número 1 do artigo 32 e no artigo 207, nos casos en que non se autorizaría a medida de investigación nun caso interno similar.

2. Cando a autoridade xudicial competente española reciba unha orde europea de investigación para a intervención de telecomunicacións poderá executala mediante algunha das seguintes formas:

a) A transmisión inmediata das telecomunicacións á autoridade de emisión.

b) A intervención, rexistro e ulterior transmisión do resultado da intervención das telecomunicacións á autoridade de emisión.

A elección da forma en que se vai executar a orde europea de investigación acordarase coa autoridade de emisión.

**Artigo 222.** *Notificación a España da intervención de telecomunicacións con interceptación do enderezo de comunicacións dunha persoa investigada ou encausada que se encontre en España e cuxa asistencia técnica non sexa necesaria.*

Cando se notifique a España a intervención de telecomunicacións con interceptación do enderezo de comunicacións dunha persoa investigada ou encausada que se encontre en España, no caso de que a dita intervención non fose obxecto de autorización nun caso interno similar, a autoridade española competente comunicará ao Estado que se encontre executando a intervención, sen dilación e como máis tarde nun prazo de noventa e seis horas desde a recepción da notificación:

a) Que non se poderá efectuar a intervención ou que se porá fin a esta.

b) E, se for o caso, que non se poderá utilizar o posible material xa intervindo mentres a persoa obxecto da intervención se encontraba en España, ou que só se poderá utilizar nas condicións que se especifiquen. Deberase informar a autoridade competente do Estado que realiza a intervención dos motivos de tales condicións.

**Artigo 223.** *Execución dunha orde europea de investigación para adoptar medidas de aseguramento de proba ou de dilixencias de investigación en relación cos medios de proba.*

A autoridade española competente para o recoñecemento e execución dunha orde europea de investigación en que se solicite unha medida cautelar de aseguramento de probas comunicará a súa decisión á autoridade de emisión dentro das vinte e catro horas seguintes á recepción da orde.

En execución da orde europea de investigación, os medios de proba trasladaranse ao Estado de emisión na forma prevista no artigo 211.

Logo de consulta á autoridade de emisión, a autoridade española competente, de conformidade co dereito español, poderá impor condicións, adecuadas ás circunstancias do caso, para limitar a duración do prazo de aplicación da medida cautelar requirida. Se se propón deixar sen efecto a medida cautelar, a autoridade de emisión será informada disto e ofreceráselle a posibilidade de formular alegacións.

A autoridade española competente poderá solicitar a asistencia da Oficina de Recuperación e Xestión de Activos na execución dunha orde europea de investigación cando esta se refira a elementos probatorios susceptibles de ulterior comiso.»

Vinte e tres. Introdúcese unha nova disposición adicional quinta co seguinte contido:

«Disposición adicional quinta. *Protección de datos de carácter persoal.*

Os datos de carácter persoal obtidos como consecuencia da emisión ou execución dun instrumento de recoñecemento mutuo estarán protexidos de conformidade co disposto na normativa europea e española de protección de datos de carácter persoal.»

Vinte e catro. Introdúcese unha nova disposición adicional sexta co seguinte contido:

«Disposición adicional sexta. *Declaración de testemuñas ou peritos por conferencia telefónica.*

No caso de que a declaración de testemuñas ou peritos por conferencia telefónica sexa introducida na lexislación procesual penal española, rexerán as seguintes regras para a emisión e execución dunha orde europea de investigación que recolla a dita medida:

a) Cando a autoridade española competente que estea coñecendo dun proceso penal en España considere necesario oír, como testemuña ou perito, unha persoa que se encontre no territorio doutro Estado membro, emitirá unha orde europea de investigación para que a declaración da testemuña ou perito se realice por conferencia telefónica, sempre que non considere máis conveniente que a persoa compareza persoalmente no seu territorio e non fose posible utilizar outro medio máis adecuado.

b) Salvo acordo en sentido contrario, o procedemento para declaración de testemuñas ou peritos por conferencia telefónica, tanto para a emisión como para a execución dunha orde europea de investigación que inclúa a dita declaración, rexerá polo disposto nos números 2, 3, 4 e 5 do artigo 216.

Para os efectos desta disposición adicional, entenderase por autoridade española competente a definida no artigo 187.»

Vinte e cinco. Introdúcese unha nova letra k) na disposición derradeira terceira co seguinte contido:

«k) A Directiva 2014/41/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, relativa á orde europea de investigación en materia penal.»

Vinte e seis. Modifícase o anexo VIII, relativo á orde europea de protección, suprímese o anexo XIII, relativo ao exhorto europeo de obtención de probas, e introdúcese novos anexos XIII, XIV e XV, relativos á orde europea de investigación, nos termos que figuran como anexo á presente lei.

Vinte e sete. Modifícase o índice nos termos resultantes dos números anteriores.

#### **Disposición adicional única.** *Incremento de recursos ao Ministerio Fiscal.*

1. O Goberno dotará o Ministerio Fiscal, no momento de entrada en vigor desta lei, dos recursos necesarios para o cumprimento das súas previsións e das novas competencias que a lei lles atribúe.

2. Así mesmo, o Goberno acordará coas comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza o financiamento das novas obrigacións que deriven da reforma da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

#### **Disposición transitoria única.** *Réxime transitorio.*

1. Esta lei será aplicable ás resolucións que transmitan as autoridades competentes españolas ou que reciban esas autoridades con posterioridade á súa entrada en vigor, con independencia de que fosen ditadas con anterioridade ou de que se refiran a feitos anteriores a esta.

2. As resolucións cuxa solicitude de recoñecemento e execución fose transmitida polas autoridades xudiciais españolas ou que fosen recibidas por esas autoridades no momento da entrada en vigor desta lei seguirán tramitándose até a súa conclusión conforme as normas vixentes naquel momento.



**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido nesta lei.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.*

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, queda modificada como segue:

Un. Introdúcese un último parágrafo no artigo 1 do seguinte teor:

«Na aplicación desta lei deberanse tomar en consideración as necesidades específicas das persoas que se encontren en situación de vulnerabilidade.»

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 6, que queda redactado como segue:

«3. Defensa e representación gratuítas por avogado e procurador no procedemento xudicial, cando a intervención destes profesionais sexa legalmente preceptiva ou cando, non séndoo, se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) a súa intervención sexa expresamente requirida polo xulgado ou tribunal mediante auto motivado para garantir a igualdade das partes no proceso.
- b) tratándose de delitos leves, a persoa fronte á que se dirixe o proceso penal exercese o seu dereito a estar asistida de avogado e así o acorde o xulgado ou tribunal, en atención á entidade da infracción de que se trate e ás circunstancias persoais do solicitante de asistencia xurídica.»

Tres. Introdúcese un novo artigo 21 bis coa seguinte rúbrica e contido:

«Artigo 21 bis. *Substitución do profesional designado.*

1. A persoa beneficiaria da asistencia xurídica gratuíta terá dereito a instar a designación de novos profesionais mediante solicitude debidamente xustificada, que non suspenderá a designación dos profesionais que xa veña acordada.

2. A dita solicitude deberá formulala ante o colexio profesional que realízase a designación. Recibida a solicitude, o dito colexio dará traslado por cinco días ao profesional cuxa substitución se solicita e, a continuación, resolverá de forma motivada no prazo de quince días.

3. O colexio profesional correspondente comunicarlles a resolución en que se aprecie que concorre causa que xustifica a substitución á Comisión de Xustiza Gratuíta, á persoa solicitante e, de maneira inmediata, ao novo profesional que, en tal caso, designe.

4. A Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta poderá denegar a tramitación da solicitude de substitución, confirmando a designación dos profesionais actúantes, sempre que a solicitude se funde nunha causa que xa foi obxecto de denegación en relación co mesmo asunto e profesional, sen que concorran novos feitos ou circunstancias que a xustifiquen.

5. As resolucións que deneguen o dereito á designación de novo profesional poderán ser impugnadas polo beneficiario da asistencia xurídica gratuíta, nos termos do artigo 20.»

**Disposición derradeira segunda.** *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.*

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a rúbrica e engádense novos números 3 e 4 no artigo 588, coa seguinte redacción:

«Artigo 588. *Nulidade do embargo indeterminado. Embargo de contas abertas en entidades de crédito.*»

«3. Cando os fondos se encontren depositados en contas a nome de varios titulares só se embargará a parte correspondente ao debedor. Para estes únicos efectos, no caso de contas de titularidade indistinta con solidariedade activa fronte ao depositario ou de titularidade conxunta mancomunada, o embargo poderá alcanzar a parte do saldo correspondente ao debedor, entendéndose que corresponde a partes iguais aos titulares da conta, salvo que conste unha titularidade material dos fondos diferente.

4. Cando na conta afectada polo embargo se efectúe habitualmente o aboamento do salario, soldo, pensión, retribución ou o seu equivalente, deberanse respectar as limitacións establecidas nesta lei, mediante a súa aplicación sobre o importe que se deba considerar soldo, salario, pensión ou retribución do debedor ou o seu equivalente. Para estes efectos, considerarase soldo, salario, pensión, retribución ou o seu equivalente o importe ingresado na dita conta por ese concepto no mes en que se practique o embargo ou, na súa falta, no mes anterior.»

Dous. A actual disposición derradeira vixésimo sétima pasa a ser vixésimo oitava e introdúcese unha nova disposición derradeira vixésimo sétima coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira vixésimo sétima. *Medidas para facilitar a aplicación en España do Regulamento (UE) n.º 655 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, polo que se establece o procedemento relativo á orde europea de retención de contas co fin de simplificar o cobramento transfronteirizo de débedas en materia civil e mercantil.*

1. A competencia para adoptar a orde relativa ao crédito especificado nun documento público con forza executiva determinarase conforme o número 3 do artigo 545 desta lei. Así mesmo, será competente, á elección do solicitante, o xulgado de primeira instancia do lugar onde se formalizase o documento en que se basea a solicitude.

2. Será competente para executar a orde de retención ditada noutro Estado membro o xulgado de primeira instancia do lugar onde se manteña a conta bancaria e, se houber contas en distintos lugares, o xulgado de primeira instancia correspondente a calquera deles.

3. Será competente para a notificación ao debedor domiciliado en España, prevista no número 3 do artigo 28 do Regulamento (UE) 655/2014, o xulgado de primeira instancia do domicilio do debedor.

4. De conformidade co artigo 34 do Regulamento (UE) 655/2014, a impugnación polo debedor da execución da orde ditada noutro Estado membro será resolta polo xulgado ou tribunal que a executase.

5. Para efectos da obtención da información de contas a que se refire o artigo 14 do Regulamento (UE) 655/2014, cando sexa requirida por un órgano xurisdiccional dun Estado membro ante o cal se presentase a solicitude de orde de retención, a autoridade de información española poderá solicitar a colaboración de calquera entidade pública e privada que posúa a información que permita identificar as entidades de crédito e as contas do debedor. Para tales efectos, estas entidades estarán obrigadas a facilitar a dita información.»

**Disposición derradeira terceira.** *Modificación da Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado.*

Engádense novas disposicións adicionais décimo sétima, décimo oitava e décimo novena á Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo sétima. *Protección consular.*

1. Os cidadáns dun Estado membro da Unión Europea naqueles países terceiros en que o seu Estado de nacionalidade careza de misión diplomática ou oficina consular terán dereito a solicitar protección consular á oficina consular ou á misión diplomática española residente nas mesmas condicións que os españois.

Os familiares que acompañen cidadáns non representados nun terceiro país e que non sexan, pola súa vez, cidadáns da Unión Europea serán tratados nas mesmas condicións que os familiares de españois que non sexan cidadáns da Unión.

2. Os cidadáns españois, naqueles países en que España non estea representada mediante unha oficina consular ou misión diplomática, terán dereito a solicitar protección consular á oficina consular ou á misión diplomática de calquera Estado membro da Unión Europea representado no país terceiro nas mesmas condicións que este protexe os seus nacionais.

Os familiares de cidadáns españois que os acompañen nun terceiro país e que non sexan cidadáns da Unión Europea serán tratados nas mesmas condicións que os familiares dos nacionais do Estado membro que exerza a protección e que, pola súa vez, non sexan cidadáns da Unión.

3. Os dereitos recoñecidos nos dous números anteriores exerceranse sen prexuízo do que establezan os acordos de representación ou de repartición local de cargas a que cheguen os Estados membros da Unión Europea.

4. Para os efectos dos dereitos recoñecidos nos números 1 e 2, enténdese que un Estado membro da Unión Europea non está representado nun terceiro país se carece de misión diplomática ou oficina consular establecidos con carácter permanente no dito país, ou se carece de misión diplomática ou oficina consular ou consulado honorario no dito país que estea en disposición de proporcionar protección consular de maneira efectiva nun caso determinado.

Disposición adicional décimo oitava. *Do exercicio da protección consular en Estados onde non haxa misión diplomática ou oficina consular.*

España poderá solicitar o exercicio directo da protección consular dos cidadáns españois que solicitasen protección nun país non representado onde non haxa misión diplomática ou oficina consular. Esta solicitude cursarase ao Estado membro que recibise a solicitude ou se estivese ocupando da protección consular do cidadán español.

Así mesmo, en caso de recibir a solicitude do exercicio directo da protección do Estado membro da nacionalidade do cidadán da Unión Europea non representado, España renunciará ao exercicio da protección consular.

Disposición adicional décimo novena. *Do reembolso dos gastos ocasionados polo exercicio da protección consular.*

1. Cando España preste asistencia consular a un cidadán da Unión non representado e, se for o caso, aos seus familiares non cidadáns da Unión que o acompañen, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Dirección Xeral de Españois no Exterior e de Asuntos Consulares e Migratorios, solicitará o reembolso dos gastos desa asistencia, nas mesmas condicións que a un cidadán español.

Cando a protección consular prestada a un cidadán da Unión non representado en caso de detención ou prisión implique gastos indispensables e xustificadas inusualmente elevados relacionados con viaxes, aloxamento e tradución para as autoridades diplomáticas ou consulares, España poderá solicitar o seu reembolso.

2. Os españois que reciban protección consular para si ou, se for o caso, para os seus familiares non cidadáns da Unión que o acompañen, doutro Estado Membro por carecer España de representación nun terceiro Estado, comprometeranse a reembolsar ao Tesouro Público de España os gastos desa protección consular, nas mesmas condicións que os nacionais do Estado membro que prestase a protección.

Do mesmo modo, atenderanse as solicitudes de reembolso dos gastos indispensables e xustificadas inusualmente elevados relacionados con viaxes, aloxamento e tradución para as autoridades diplomáticas ou consulares para a protección consular de españois non representados detidos ou en prisión.

3. En situacións de crise, poderase solicitar o reembolso dos gastos ocasionados por toda a axuda prestada a un cidadán da Unión non representado e, se for o caso, aos seus familiares non cidadáns da Unión que o acompañen. Atenderanse, de igual forma, as solicitudes de reembolso dos gastos ocasionados por toda a axuda prestada a españois e, se for o caso, aos seus familiares non cidadáns da Unión que o acompañen. Poderase solicitar o reembolso dos gastos de maneira proporcional, dividindo o importe total dos gastos entre o número de cidadáns asistidos.»

**Disposición derradeira cuarta.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

1. Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/41/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, relativa á orde europea de investigación en materia penal, e complétase a transposición da Directiva 2013/48/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2013, sobre o dereito á asistencia de letrado nos procesos penais e nos procedementos relativos á orde de detención europea, e sobre o dereito a que se informe un terceiro no momento da privación de liberdade e a comunicarse con terceiros e con autoridades consulares durante a privación de liberdade.

2. Complétase tamén a transposición ao dereito español da Decisión marco 2006/783/JAI do Consello, do 6 de outubro de 2006, relativa á aplicación do principio de recoñecemento mutuo de resolucións de comiso, e da Directiva (UE) 2016/1919 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, relativa á asistencia xurídica gratuíta aos sospeitosos e acusados nos procesos penais e ás persoas buscadas en virtude dun procedemento de orde europea de detención.

3. Mediante a disposición derradeira terceira incorpórase parcialmente a Directiva (UE) 2015/637 do Consello, do 20 de abril de 2015, sobre as medidas de coordinación e cooperación para facilitar a protección consular de cidadáns da Unión non representados en terceiros países e pola que se deroga a Decisión 95/553/CE.

**Disposición derradeira quinta.** *Desenvolvemento normativo e execución.*

Habílitase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento da presente lei.

En particular, facúltanse o Goberno e o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar cantas disposicións regulamentarias sexan necesarias para o desenvolvemento da disposición derradeira terceira, así como para acordar as medidas necesarias para garantir a efectiva execución e implantación das modificacións introducidas pola citada disposición.

O Goberno asegurará, en relación co Ministerio Fiscal e para o cumprimento das previsións e novas competencias que a lei lle atribúe, os medios e recursos orzamentarios necesarios para asegurar a efectividade dos mecanismos de cooperación xurídica internacional derivados da orde europea de investigación.

**Disposición derradeira sexta.** *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Como excepción, a disposición derradeira primeira entrará en vigor o 1 de outubro de 2018.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 11 de xuño de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

## ANEXO

## ANEXO VIII

## Orde europea de protección

recollida no artigo 7 da

DIRECTIVA 2011/99/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, DO 13 DE  
DECEMBRO DE 2011, SOBRE A ORDE EUROPEA DE PROTECCIÓN

A información contida neste formulario debe recibir o debido tratamento confidencial.

Estado de emisión: Estado de execución:
a) Información relativa á persoa protexida: Apelidos: Nome: Apelido de solteira ou apelido anterior (se for o caso): Sexo: Nacionalidade: Número de identificación ou número da Seguridade Social (se o ten): Data de nacemento: Lugar de nacemento: Enderezos/domicilios: <ul style="list-style-type: none"><li>- no Estado de emisión:</li><li>- no Estado de execución:</li><li>- noutro lugar:</li></ul> Linguas que entende (se se coñecen):
Concedeuse á persoa protexida asistencia xurídica gratuíta no Estado de emisión? (se se dispón inmediateamente desta información): <input type="checkbox"/> Si. <input type="checkbox"/> Non. <input type="checkbox"/> Non se sabe. Cando a persoa protexida sexa menor ou legalmente incapaz, información relativa ao titor ou representante da persoa: Apelidos: Nome: Apelido de solteira ou apelido anterior (se for o caso): Sexo: Nacionalidade: Enderezo profesional:
b) Se a persoa protexida decidiu residir ou reside xa no Estado de execución, ou decidiu permanecer ou permanece xa nel: Data a partir da cal a persoa protexida se propón residir ou permanecer no Estado de execución (se se coñece): Período ou períodos de permanencia (se se coñecen):



c) Entregouse á persoa protexida ou á persoa causante do perigo algún dispositivo técnico para facer cumprir a medida de protección?:

- Si. Resume brevemente o dispositivo electrónico utilizado:  
 Non.

d) Autoridade competente que emitiu a orde europea de protección:

Denominación oficial:

Enderezo completo:

Teléfono (prefixo do país) (prefixo de zona ou cidade) (número):

Fax (prefixo do país) (prefixo de zona ou cidade) (número):

Datos da persoa de contacto

Apelidos:

Nome:

Función (título ou grao):

Teléfono (prefixo do país) (prefixo de zona ou cidade) (número):

Fax (prefixo do país) (prefixo de zona ou cidade) (número):

Correo electrónico (se o ten):

Linguas en que se pode comunicar:

e) Identificación da medida de protección sobre cuxa base se emitiu a orde europea de protección:

A medida de protección adoptouse o (data: DD-MM-AAAA):

A medida de protección é executable desde o (data: DD-MM-AAAA):

Referencia do expediente da medida de protección (se se dispón dela):

Autoridade que adoptou a medida de protección:

f) Resumo de feitos e descrición das circunstancias, incluída, se for o caso, a tipificación da infracción, que deron lugar á imposición da medida de protección mencionada na letra e):

g) Indicacións relativas á(s) prohibición(s) ou restrición(s) imposta(s) pola medida de protección á persoa causante do perigo:

- Natureza da(s) prohibición(s) ou restrición(s) (pode marcar máis dun recadro):

prohibición de entrar en determinadas localidades, lugares ou zonas definidas en que a persoa protexida reside ou que frecuenta:

- se marca este recadro, indique con precisión as localidades, lugares ou zonas definidas a que ten prohibida a entrada a persoa causante do perigo:

prohibición ou regulamentación de calquera tipo de contacto coa persoa protexida, con inclusión dos contactos telefónicos, por correo electrónico ou postal, por fax, ou por calquera outro medio:

- se marca este recadro, indique calquera detalle pertinente:

prohibición ou regulamentación do achegamento á persoa protexida a unha distancia menor da indicada na medida:

- se marca este recadro, indique con precisión a distancia que debe observar a persoa causante do perigo respecto da persoa protexida:
- Indique o prazo durante o cal se impón(impoñen) a(s) prohibición(s) ou restrición(s) antes mencionada(s) á persoa causante do perigo:
- Indicación da pena ou sanción aplicable, que se pode impor, en caso de incumprimento da prohibición ou restrición:

<p>h) Información relativa á persoa causante do perigo a que se impuxo(impuxeron) a(s) prohibición(s) ou restrición(s) mencionada(s) na letra e):</p> <p>Apelidos: Nome: Apelido de solteira ou apelido anterior (se for o caso): Alias (se for o caso): Sexo: Nacionalidade: Número de identificación ou número da Seguridade Social (se o ten): Data de nacemento: Lugar de nacemento: Enderezos/domicilios: – no Estado de emisión: – no Estado de execución: – noutro lugar: Linguas que entende (se se coñecen): Se se dispón dela, facilite a seguinte información: – Tipo e número do documento ou documentos de identidade da persoa (documento de identidade, pasaporte): Concedéuselle á persoa causante do perigo asistencia xurídica gratuíta no Estado de emisión? (se se dispón inmediatamente desta información): <input type="checkbox"/> Si. <input type="checkbox"/> Non. <input type="checkbox"/> Non se sabe.</p>
<p>i) Outras circunstancias que poidan influír na avaliación do perigo que afecte a persoa protexida (información facultativa):</p>
<p>j) Outros datos útiles (por exemplo, se se coñece e resulta necesario, información sobre outros Estados onde se adoptasen anteriormente medidas de protección respecto da mesma persoa protexida):</p>
<p>k) Complétese:</p> <p><input type="checkbox"/> transmítiuse xa a outro Estado membro unha sentenza, segundo a definición do artigo 2 da Decisión marco 2008/947/JAI. – Se marca este recadro, indique os datos de contacto da autoridade competente a que se enviou a sentenza:</p> <p><input type="checkbox"/> transmítiuse xa a outro Estado membro unha resolución sobre medidas de vixilancia, segundo a definición do artigo 4 da Decisión marco 2009/829/JAI. – Se marca este recadro, indique os datos de contacto da autoridade competente a que se enviou a resolución sobre medidas de vixilancia:</p> <p>Sinatura da autoridade que emite a orde europea de protección ou do seu representante, que confirma a exactitude do contido da orde: Nome: Función (título ou grao): Data: Referencia do expediente (se o hai): Selo oficial (se procede):</p>

## ANEXO XIII

**Orde europea de investigación (OEI)**

Esta OEI foi emitida por unha autoridade competente. A autoridade de emisión certifica que a emisión da presente OEI é necesaria e proporcionada para efectos dos procedementos que nela se especifican tendo en conta os dereitos do investigado ou encausado, e que as medidas de investigación solicitadas se poderían ter ordenado nas mesmas condicións nun caso interno similar. Solicito a realización da medida ou medidas de investigación especificadas a continuación, tendo debidamente en conta a confidencialidade da investigación e o traslado da proba obtida como resultado da execución da OEI.

SECCIÓN A Estado de emisión: ..... Estado de execución: .....
SECCIÓN B: urxencia Indíquese se existe algunha urxencia debida a <input type="checkbox"/> Ocultación ou destrución de probas <input type="checkbox"/> Data inminente do xuízo <input type="checkbox"/> Outro motivo Especifíquese: Os límites temporais para a execución da OEI establécense na Directiva 2014/41/UE. Con todo, se for necesario un prazo máis breve ou específico, indíquese a data e explíquense os motivos para isto: ..... ..... .....
SECCIÓN C: medida ou medidas de investigación que se deben realizar 1. Describa a medida ou medidas de asistencia ou de investigación requiridas e indique, se for o caso, se se trata dunha das medidas de investigación seguintes: ..... ..... ..... <input type="checkbox"/> Obtención de información ou de probas que xa estean en posesión da autoridade de execución <input type="checkbox"/> Obtención de información contida en bases de datos das autoridades policiais ou xudiciais <input type="checkbox"/> Declaración de: <input type="checkbox"/> testemuñas <input type="checkbox"/> peritos <input type="checkbox"/> investigado ou encausado <input type="checkbox"/> vítima <input type="checkbox"/> terceiros <input type="checkbox"/> Identificación de persoas que sexan titulares dun número de teléfono ou dun enderezo IP determinados <input type="checkbox"/> Traslado provisional do detido ao Estado de emisión <input type="checkbox"/> Traslado provisional do detido ao Estado de execución

- Declaración por videoconferencia ou outros medios de transmisión audiovisual
  - testemuñas
  - peritos
  - investigado ou encausado
- Comparecencia por conferencia telefónica
  - testemuñas
  - peritos
- Información sobre contas bancarias e outro tipo de contas financeiras
- Información sobre operacións bancarias e outro tipo de operacións financeiras
- Medidas de investigación que impliquen a obtención de probas en tempo real, de maneira continua e durante un determinado período de tempo
  - supervisión de operacións bancarias ou financeiras doutro tipo
  - entregas vixiadas
  - outros
- Investigacións encubertas
- Intervención de telecomunicacións
- Medida(s) provisional(ais) para previr a destrución, transformación, traslado, transferencia ou eliminación de obxectos que se poidan utilizar como probas.

**SECCIÓN D: relación cunha OEI anterior**

Indíquese se a presente OEI completa outra OEI anterior. Facilítese, se for o caso, a información pertinente para identificar a OEI anterior (data da súa emisión, autoridade a que se remitiu e, de ser posible, data de transmisión da OEI, así como os números de referencia utilizados polas autoridades de emisión e de execución):

.....

.....

Se procede, indique se a OEI se remitiu xa a algún outro Estado membro para o mesmo caso:

.....

.....

## SECCIÓN E: identidade das persoas afectadas

1. Indíquese toda a información, na medida en que se coñeza, sobre a identidade da(s) persoa(s), a) física(s) ou b) xurídica(s) afectadas pola medida de investigación (cando estea afectada máis dunha persoa, indíquese a información correspondente a cada unha delas):

a) Para as persoas físicas

Apelidos: .....

Nome(s): .....

Outro(s) nome(s), se procede: .....

Alias, se procede: .....

Sexo: .....

Nacionalidade: .....

Número do documento de identidade ou da Seguridade Social: .....

Tipo e número do documento ou documentos de identidade da persoa (documento de identidade, pasaporte), se procede: .....

Data de nacemento: .....

Lugar de nacemento: .....

Residencia e enderezo coñecido; se non se coñece, o último enderezo coñecido: .....

Idioma(s) que a persoa comprende: .....

b) Para as persoas xurídicas

Denominación: .....

Forma da persoa xurídica: .....

Denominación abreviada, nome comunmente utilizado ou nome comercial, se procede: .....

Domicilio social: .....

Número de matrícula: .....

Enderezo da persoa xurídica: .....

Nome do representante da persoa xurídica: .....

Descríbase que posición ocupa actualmente nos procedementos a persoa en cuestión:

investigado ou encausado

vítima

testemuña

perito

terceiros

outra (especifíquese): .....

2. De ser distinto do enderezo mencionado máis arriba, indíquese o lugar onde se debe efectuar a medida de investigación:

3. Facilítese, se for o caso, outra información que axude á execución da OEI:

## SECCIÓN F: tipos de procedementos para os cales pode emitirse a OEI

a) para efectos de procedementos penais incoados por unha autoridade xudicial ou que se poidan interpor ante unha autoridade xudicial por feitos constitutivos de delito conforme o dereito interno do Estado de emisión, ou

b) procedementos incoados por autoridades administrativas respecto a feitos tipificados no dereito interno do Estado membro de emisión por seren infraccións da normativa legal, e cando a decisión poida dar lugar a un procedemento ante un órgano xurisdiccional competente, en particular, en materia penal, ou

c) procedementos incoados por unha autoridade xudicial por actos ou feitos delituosos conforme o dereito interno do Estado de emisión por estaren tipificados nas súas leis, e cando a decisión poida dar lugar a un procedemento ante un órgano xurisdiccional competente, en particular, en materia penal;

d) en relación cos procedementos mencionados nas letras a), b) e c) que se refiran a delitos ou infraccións polos cales unha persoa xurídica poida ser considerada responsable ou ser castigada no Estado de emisión.

## SECCIÓN G: motivos da emisión da OEI

## 1. Resumo dos feitos

Indíquense os motivos polos que se emitiu a OEI, con inclusión dun resumo dos feitos subxacentes, a descrición dos delitos imputados ou investigados, a fase a que chegou a investigación, as razóns de todo factor de risco e demais información pertinente.

.....

.....

## 2. Natureza e tipificación xurídica do delito ou delitos para os que se emite a OEI e norma legal ou código aplicables:

.....

.....

## 3. O delito para o que se emitiu a OEI é punible no Estado de emisión cunha pena privativa de liberdade ou orde de detención dun máximo de tres anos como mínimo, tal como se define no dereito do Estado de emisión, enumerado na lista de delitos que figura a continuación? (Márquese o recadro correspondente)

- pertenza a organización delituosa
- terrorismo
- trata de seres humanos
- explotación sexual de nenos e pornografía infantil
- tráfico ilícito de estupefacientes e substancias psicotrópicas
- tráfico ilícito de armas, municións e explosivos
- corrupción
- fraude, incluída a que afecta os intereses financeiros da Unión Europea conforme o Convenio do 26 de xullo de 1995 relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas
- branqueo do produto do delito
- falsificación de moeda, incluída a falsificación do euro
- delitos informáticos
- delitos contra o ambiente, incluído o tráfico ilícito de especies animais protexidas e de especies e variedades vexetais protexidas,
- axuda á entrada e á residencia en situación ilegal
- homicidio voluntario, agresión con lesións graves
- tráfico ilícito de órganos e tecidos humanos
- secuestro, detención ilegal e toma de reféns
- racismo e xenofobia
- atraco organizado ou a man armada
- tráfico ilícito de bens culturais, incluídas as antigüidades e as obras de arte
- estafa
- chantaxe e extorsión
- violación de dereitos de propiedade industrial e falsificación de mercadorías
- falsificación de documentos administrativos e tráfico de documentos administrativos falsos
- falsificación de medios de pagamento
- tráfico ilícito de substancias hormonais e outros factores de crecemento
- tráfico ilícito de materiais radioactivos ou substancias nucleares
- tráfico de vehículos roubados
- violación
- incendio provocado
- delitos incluídos na xurisdición da Corte Penal Internacional
- secuestro de aeronaves e buques
- sabotaxe

## SECCIÓN H: requisitos adicionais para determinadas medidas

Cúbranse as seccións correspondentes á(s) medida(s) de investigación solicitada(s):

## SECCIÓN H1: traslado de detidos

1) Se se solicitou o traslado temporal ao Estado de emisión da persoa detida para efectos da investigación, indíquese se esa persoa deu o seu consentimento para a medida:

- Si  Non  Solicito que se pida o consentimento da persoa en cuestión

2) Se se solicitou o traslado temporal ao Estado de execución da persoa detida para efectos da investigación, indíquese se esa persoa deu o seu consentimento para a medida:

- Si  Non



**SECCIÓN H2: videoconferencia ou conferencia telefónica ou outros medios de transmisión audiovisual**

Cando a comparecencia se efectúe por videoconferencia, conferencia telefónica ou outros medios de transmisión audiovisual

Indíquese o nome da autoridade que tomará a declaración (detalles de contacto ou lingua)

.....

Indíquense os motivos para solicitar esta medida: .....

.....

- a) comparecencia por videoconferencia ou outros medios de transmisión audiovisual
- o investigado ou encausado deu o seu consentimento
- b) comparecencia por conferencia telefónica

**SECCIÓN H3: medidas cautelares**

Cando se solicitase unha medida cautelar co fin de previr a destrución, transformación, traslado ou eliminación dun obxecto que poida utilizarse como proba, indíquese se:

- o obxecto se transferirá ao Estado de emisión.
- o obxecto permanecerá no Estado de execución; indíquese a data estimada:

para levantar a medida cautelar: .....

para a presentación dunha solicitude posterior relativa ao obxecto .....

**SECCIÓN H4: información bancaria e doutras contas financeiras**

1) Cando se solicite información relativa a contas bancarias ou outro tipo de contas financeiras de que a persoa sexa titular ou que controle, indíquense, para cada unha delas, os motivos polos que considera conveniente a medida para efectos do procedemento penal e por que motivos supón que a conta se encontra nalgún banco do Estado de execución:

- Información sobre contas bancarias das que a persoa sexa titular ou respecto das cales teña poder
- Información sobre outro tipo de contas financeiras das que a persoa sexa titular ou respecto das cales teña poder

.....

.....

2) Cando se solicite información sobre operacións bancarias ou outro tipo de operacións financeiras, indíquense, para cada unha delas, os motivos polos que considera conveniente a medida para efectos do procedemento penal

- información sobre operacións bancarias
- información sobre outro tipo de operacións financeiras

.....

.....

Indíquense o período en cuestión e as contas correspondentes

.....

.....

**SECCIÓN H5: medidas de investigación que impliquen a obtención de probas en tempo real, de maneira continua e durante un determinado período de tempo**

Cando se solicite ese tipo de medida de investigación, indíquese por que motivos considera que a información solicitada é pertinente para efectos do procedemento penal

.....

.....

**SECCIÓN H6: investigacións encubertas**

Cando se solicite unha investigación encuberta, indíquese por que motivos considera que a medida de investigación en cuestión é pertinente para efectos do procedemento penal

.....

.....

.....

**SECCIÓN H7: intervención de telecomunicacións**

1) Cando se solicite a intervención de telecomunicacións, indíquese por que considera que a medida de investigación é conveniente para efectos do procedemento penal

.....  
.....

2) Facilítese a información seguinte:

a) información para identificar a persoa obxecto da intervención

.....  
.....

b) duración desexada da intervención

.....  
.....

c) datos técnicos (en particular, identificadores do obxecto da intervención, como teléfono móbil, fixo, enderezo de correo electrónico, conexión da internet), para garantir que poida executarse a OEI:

.....  
.....

3) Indíquese a súa preferencia respecto do método de execución

transmisión inmediata

gravación e posterior transmisión

Indíquese se require tamén a transcrición, descodificación ou descriptación do material intervido (\*):

.....  
.....

(\*) Advírtase que os custos de transcricións, descodificacións ou descriptacións serán por conta do Estado de emisión.

**SECCIÓN I: trámites e procedementos solicitados para a execución**

1. Márquese e cúbrase, cando proceda

Solicítase á autoridade de execución que cumpra os trámites e procedementos seguintes

(...):

.....  
.....

2. Márquese e cúbrase, cando proceda

Solicítase a asistencia dun ou de varios funcionarios do Estado de emisión na execución da OEI para apoiar as autoridades competentes do Estado de execución.

Datos de contacto dos funcionarios:

.....  
.....

Linguas que poden utilizarse: .....

.....  
.....

**SECCIÓN J: recursos**

1. Indíquese se xa se interpuxo algún recurso contra a emisión da OEI e, de ser así, facilítense datos adicionais (descrición do recurso, con inclusión dos pasos necesarios que deban darse, así como prazos):

.....  
.....

2. Autoridade do Estado de emisión que pode dar máis información sobre procedementos para interpor recurso no dito Estado e sobre a posibilidade de obter asistencia letrada e tradución e interpretación:

Denominación: .....

Persoa de contacto (se procede): .....

Enderezo: .....

Teléfono: (prefixo país) (prefixo local): .....

Número de fax: (prefixo país) (prefixo local): .....

Correo electrónico: .....

<p>SECCIÓN K: datos da autoridade de emisión da OEI</p> <p>Marque o tipo de órgano xurisdiccional que expediu o exhorto:</p> <p><input type="checkbox"/> autoridade xudicial</p> <p><input type="checkbox"/> (*) calquera outra autoridade competente, tal como se defina no dereito do Estado de emisión</p> <p>(*) Cúbrase, así mesmo, a sección (L)</p> <p>Denominación: .....</p> <p>Nome do representante ou punto de contacto: .....</p> <p>Expediente n.º: .....</p> <p>Enderezo: .....</p> <p>Teléfono: (prefixo país) (prefixo local) .....</p> <p>Número de fax: (prefixo do país) (prefixo local): .....</p> <p>Correo electrónico: .....</p> <p>Linguas en que é posible comunicar coa autoridade de emisión: .....</p> <p>Se son distintos dos anteriores, datos de contacto da(s) persoa(s) con que se deba pór en contacto para obter información adicional ou acordar as modalidades prácticas do traslado das probas:</p> <p>Nome/Función/Organismo: .....</p> <p>Enderezo: .....</p> <p>Correo electrónico /Teléfono de contacto: .....</p> <p>Sinatura da autoridade de emisión ou do seu representante, pola que se certifican a exactitude e a corrección do contido da OEI:</p> <p>Denominación: .....</p> <p>Función (título/grao): .....</p> <p>Data:.....</p> <p>Selo oficial (se o hai):</p>
<p>SECCIÓN L: datos da autoridade xudicial que validou a OEI. Indíquese o tipo de autoridade xudicial que validou a presente OEI:</p> <p><input type="checkbox"/> a) xuíz ou tribunal</p> <p><input type="checkbox"/> b) xuíz de instrución</p> <p><input type="checkbox"/> c) fiscalía</p> <p>Denominación oficial da autoridade validadora: .....</p> <p>Nome do seu representante: .....</p> <p>Función (título/grao): .....</p> <p>Expediente n.º: .....</p> <p>Enderezo: .....</p> <p>Teléfono: (prefixo país) (prefixo local) .....</p> <p>Número de fax: (prefixo país) (prefixo local) .....</p> <p>Correo electrónico: .....</p> <p>Linguas en que é posible comunicar coa autoridade validadora: .....</p> <p>Indíquese se o punto principal de contacto para a autoridade de execución debe ser:</p> <p><input type="checkbox"/> a autoridade de emisión</p> <p><input type="checkbox"/> a autoridade validadora</p> <p>Sinatura e datos da autoridade validadora</p> <p>Denominación: .....</p> <p>Función (título/grao): .....</p> <p>Data .....</p> <p>Selo oficial (se o hai):</p>

## ANEXO XIV

**Confirmación da recepción dunha OEI**

Este formulario deberá ser cuberto pola autoridade do Estado de execución tras a recepción da OEI descrita a continuación.

A) OEI Autoridade que emitiu a OEI: .....
Referencia do expediente: .....
Data de emisión: .....
Data de recepción: .....
B) AUTORIDADE RECEPTORA DA OEI <sup>1</sup>
Denominación oficial da autoridade competente: .....
Nome do seu representante: .....
Función (título/grao): .....
Enderezo: .....
Teléfono: (prefixo país) (prefixo local) .....
Número de fax: (prefixo país) (prefixo local) .....
Correo electrónico: .....
Referencia do expediente: .....
Linguas en que é posible comunicar coa autoridade: .....
C) (CANDO PROCEDA) AUTORIDADE COMPETENTE A QUE A AUTORIDADE Á CAL SE REFIRE A SECCIÓN B) TRANSMITIU A OEI
Denominación oficial da autoridade: .....
Nome do seu representante: .....
Función (título/grao): .....
Enderezo: .....
Teléfono: (prefixo país) (prefixo local) .....
Número de fax: (prefixo país) (prefixo local) .....
Correo electrónico: .....
Data de transmisión: .....
Referencia do expediente: .....
Lingua(s) que se pode(n) utilizar: .....
D) TODA OUTRA INFORMACIÓN QUE POIDA SER PERTINENTE PARA A AUTORIDADE DE EMISIÓN:
E) SINATURA E DATA
Sinatura:
Data .....
Selo oficial (se o hai)

<sup>1</sup> Esta sección deberá ser cuberta por cada autoridade receptora da OEI. Esta obrigação incumbe á autoridade competente para recoñecer e executar a OEI e, cando proceda, á autoridade central ou á autoridade que transmitiu a OEI á autoridade competente.

## ANEXO XV

**Notificación**

Utilizarase este formulario para notificar a un Estado membro as intervencións de telecomunicacións que se vaian efectuar, se estean efectuando ou se efectuasen no seu territorio sen a súa asistencia técnica. Mediante esta infórmase a .....  
(Estado membro notificado) da intervención.

<p><b>A) AUTORIDADE COMPETENTE <sup>2</sup></b> Denominación oficial da autoridade competente do Estado membro de intervención: .....</p> <p>Nome do seu representante: .....</p> <p>Función (título/grao): .....</p> <p>Enderezo: .....</p> <p>.....</p> <p>Teléfono: (prefixo país) (prefixo local) .....</p> <p>Número de fax: (prefixo país) (prefixo local) .....</p> <p>Correo electrónico: .....</p> <p>Referencia do expediente: .....</p> <p>Data de emisión: .....</p> <p>Linguas en que é posible comunicar coa autoridade: .....</p> <p>.....</p> <p><b>B) INFORMACIÓN RELATIVA Á INTERVENCIÓN</b></p> <p><b>I) Información sobre a situación:</b> A presente notificación realízase (márquese o recadro correspondente)</p> <p><input type="checkbox"/> antes da intervención</p> <p><input type="checkbox"/> durante a intervención</p> <p><input type="checkbox"/> despois da intervención</p> <p><b>II) Duración (estimada) da intervención (segundo coñece a autoridade de emisión): ..</b> ....., comezando a partir de .....</p> <p><b>III) Obxecto da intervención: (número de teléfono, enderezo IP ou correo electrónico)</b> .....</p> <p><b>IV) Identidade das persoas afectadas</b> Indíquese toda a información coñecida sobre a identidade da(s) persoa(s) a) física(s) ou b) xurídica(s) contra as que se realizan/poderán realizarse/se estean realizando os procedementos:</p> <p>a) Para as persoas físicas</p> <p>Apelidos: .....</p> <p>Nome(s): .....</p> <p>Outro(s) nome(s), se procede: .....</p> <p>Alias, se procede: .....</p> <p>Sexo: .....</p> <p>Nacionalidade: .....</p> <p>Número do documento de identidade ou da Seguridade Social: .....</p> <p>Data de nacemento: .....</p> <p>Lugar de nacemento: .....</p> <p>Residencia e enderezo coñecido; se non se coñece, último enderezo coñecido: .....</p> <p>Idiomas(s) que a persoa comprende: .....</p>
---

<sup>2</sup> A autoridade aquí mencionada é coa que se deberá pór en contacto na correspondencia adicional co Estado de emisión.

b) Para as persoas xurídicas

Denominación: .....

Forma da persoa xurídica: .....

Denominación abreviada, nome comunmente utilizado ou nome comercial, se procede: .....

Domicilio social: .....

Número de matrícula: .....

Enderezo da persoa xurídica: .....

Nome e datos de contacto do representante da persoa xurídica: .....

V) Información relativa á finalidade desta intervención:

Indíquese toda a información necesaria, incluída a descrición do caso, tipificación xurídica do delito ou delitos e norma legal ou código aplicables, co fin de permitir á autoridade notificada avaliar o seguinte:

se a intervención se autorizaría en casos internos similares; e se o material obtido se pode utilizar nos procedementos legais

cando a intervención xa se realizase, se ese material se pode utilizar nos procedementos legais

Obsérvese que toda obxección respecto da intervención ou utilización de material xa intervido se deberá presentar antes de transcorridas 96 horas da recepción da presente notificación.

C) SINATURA E DATA

Sinatura:

Data .....

Selo oficial (se o hai):